

## AS CONEXIÓNS ITALIANA E CATALÁ NA ARQUITECTURA GALEGA DE FIN DE SÉCULO: A RECEPCIÓN DE ALDO ROSSI (1973-1997)

THE ITALIAN AND CATALAN CONNECTIONS IN GALICIAN ARCHITECTURE AT THE END OF THE CENTURY: RECEPTION OF ALDO ROSSI (1973-1997)

Santiago Rodríguez-Caramés<sup>1,a</sup> 

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, España

 [santi.r.carames@gmail.com](mailto:santi.r.carames@gmail.com)

Recibido: 23/01/2022; Aceptado: 07/03/2022

### Resumo

A comezos dos anos setenta, a situación da arquitectura galega habería mudar: créanse o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e mais a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, ao tempo que se van incorporando unhas renovadoras xeracións de arquitectos formadas á calor dos devezos de liberdade da España tardofranquista. Neste proceso serán fundamentais as ligazóns que establecerán os arquitectos galegos —fundamentalmente aqueles que estudaran en Barcelona— coas experiencias catalá e italiana. Figuras como Salvador Tarragó, Carlos Martí ou Aldo Rossi serán fundamentais na renovación profesional e disciplinar da arquitectura galega xa nos anos setenta a través de exposicións, seminarios ou congresos que fortalecerán estes vínculos ao longo das seguintes décadas. Experiencias como o Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela (1976) veñen sendo sinaladas, ademais, como fitos fundacionais da conxuntura arquitectónica galega recente e acumulan un amplo ronsel de sorte historiográfica e crítica ao se analizar este período. Estas conexións darán lugar, por unha banda, á recepción de todo un corpus teórico sobre arquitectura, urbanismo e territorio, chave na posta en dúbida da arquitectura moderna, e, por outra banda, porán moitos arquitectos galegos nunha posición privilexiada na crítica estatal e internacional. Esta pegada italo-catalá abranguerá, así mesmo, a propia obra construída ou proxectada, podendo rastrexarmos algúns exemplos.

**Palabras chave:** Escola de Barcelona; *Tendenza*; Aldo Rossi; SIAC; COAG.

## Abstract

In the early 70s, the peripheral position of Galician architecture started to change thanks to two factors: 1) the creation of COAG and ETSAC, and 2) the emergence of new generations of young architects that yearned for freedom in late Francoist Spain. The connections that developed between Galician architects –mainly those who had studied in Barcelona– and the Catalan and Italian schools were essential in the consolidation of this process. Tarragó, Martí, and Rossi played a major role in the renovation of Galician architecture. Throughout the 70s, they organized exhibitions, seminars, and conferences that reinforced these connections and made them live on in subsequent decades. Events like the SIAC in 1976 have proven to be essential milestones in the historical development of recent Galician architecture and emerge as significant landmarks when a critical and historiographical gaze is cast on this time period. The connections with these schools resulted in 1) the possibility to access a critical theoretical corpus on architecture, urbanism, and territory, and 2) a new status for many Galician architects who would become well-respected abroad. Furthermore, this influence is also visible in the actual constructions these architects built, of which several examples will be analysed.

**Keywords:** Barcelona school; Tendenza; Aldo Rossi; SIAC; COAG.

A arquitectura galega do derradeiro terzo do século XX non é un proceso homoxéneo, aínda que con respecto a outras épocas anteriores presentou unha coherencia interna determinada polo labor colectivo de diferentes xeracións, a divulgación conxunta da súa obra dentro e fóra de Galiza e uns referentes perfectamente detectábeis. Miguel Ángel Baldellou, que en 1971<sup>1</sup> facía un percorrido pola excitante incorporación de arquitectos novos, sintetizaba dúas décadas despois as liñas presentes na arquitectura galega do cuarto de século anterior: a herdanza sotiana, os contactos coa Escola do Porto<sup>2</sup> ou a influencia de Rossi e a teoría italiana (Baldellou 1995, 25).


Aldo Rossi (1931-1997) era desde os sesenta unha das pezas fundamentais da teoría arquitectónica e urbana a nivel internacional coa publicación d'*A arquitectura da cidade* (1966) (fig. 1). O seu contacto con Galiza non tería sido posíbel sen a mediación da Escola de Barcelona, marco en que estudaron algúns arquitectos galegos como, entre outros, César Portela (1937), Pascuala Campos (1938), Yago Bonet (1936) ou Antonio Armesto (1947). Estes dous últimos ficarían na cidade condal e farían parte do principal interlocutor de Rossi en Cataluña: o Grupo 2C, con Carlos Martí (1948-2020) ou Salvador Tarragó (1941) á cabeza. Estes diálogos son fundamentais para a definición da arquitectura galega recente, xa que até ese momento a meirande parte dos arquitectos galegos se formaba en Madrid, cidade que irradiaba a súa influencia a través de creadores do seu ámbito na arquitectura galega e que era o centro de operacións dalgúns grandes mestres galegos desde comezos de século, desde Antonio Palacios (1874-1945) até Alejandro de la Sota (1913-1996) e Ramón Vázquez Molezún (1922-1993). Abríase, así pois, un enlace con algunhas das experiencias máis excitantes da arquitectura e o urbanismo do momento, non podendo entender sen isto a conformación da renovada estrutura profesional galega que se vai xestando a partir dos anos setenta. Con todo, como se irá vendo ao longo destas liñas, estas adscricións non abranguerán toda a pluralidade de referencias e propostas da arquitectura galega de fins de século, mais si axudarán a explicar moitas dinámicas deste período.

## ARQUEOLOXÍA DUNHA XERACIÓN: A PRESENZA CATALÁ E ITALIANA EN GALIZA A COMEZOS DOS ANOS SETENTA

### De Milán a Barcelona. As primeiras viaxes de Rossi

En verdade, a relación entre Cataluña e Italia viña de atrás, mais é a comezos dos sesenta, coa consolidación do núcleo milanés no debate internacional, cando se establecen algúns dos principais contactos italianos cunha Escola de Barcelona en cuxo seo, sexa como for, existía unha certa heteroxeneidade. A finais dos anos corenta, Barcelona convertérase, xunto con Madrid, nun dos dous grandes polos que marcarán a restitución da arquitectura moderna en España, recollendo o ronsel do GATEPAC e do seu homólogo catalán, o GATCPAC<sup>3</sup>, unha continuidade que, en Barcelona, tentaba restabelecer o Grup R, fundado por Josep Maria Sostres (1915-1984), Oriol Bohigas (1925-2021) e Josep Antoni Coderch (1913-1984) en 1951, aínda que sen a homoxeneidade do seu antecesor do tempo republicano<sup>4</sup>. En paralelo, na Lombardía comezaban a agromar novas posturas que tentaban reconciliarse ou revisar o racionalismo que se abrira paso a través do réxime fascista<sup>5</sup>, posicións como o neorrealismo, a conciliación entre modernidade e historia —ou a dialéctica crise/continuidade— en Ernesto Nathan Rogers (1909-1969) ou o *neoliberty*<sup>6</sup>. En 1949 celebrábase a V Asemblea Nacional de Arquitectos entre Barcelona, Palma e Valencia, onde asisten algunhas das principais voces da arquitectura italiana como Pier Luigi Nervi (1891-1979), Gio Ponti (1891-1979) ou Alberto Sartoris (1901-1998). Se estes contactos deron lugar a unha Escola de Barcelona cunhas características propias é algo que Oriol Bohigas sostén nun texto de 1968 en que se refire a unha defensa de compoñentes como a solidariedade, a actividade cultural, a apertura de horizontes, a vocación universalista, a homoxeneidade e a aposta polo eido do deseño (Bohigas 1968)<sup>7</sup>. Como recolle Urrutia (1997, 524–25), esta era a percepción existente na dicotomía Madrid-Barcelona deste intre de reincorporación á modernidade, como se testemuñaría nun especial da revista italiana *Zodiac* (nº 15, 1965), que distinguía entre o idealismo e utopismo de Madrid e o realismo e pragmatismo de Barcelona. En efecto, Bohigas redactaba o seu manifesto «Cap a una arquitectura realista» (1962), que reacciona contra a asunción dunhas tecnoloxías imperfectas e incapaces de resolver a demanda colectiva de arquitectura, así como a necesidade de atender aos problemas específicos locais.

Fig. 1. Portada da primeira edición en italiano d'*A arquitectura da cidade* (Marsilio Editori, 1966).




Porén, malia esta visión crítica dos ideais modernos, as polémicas acendidas a nivel internacional nos anos sesenta van provocar importantes cismas no seo da Escola de Barcelona nun avance cara á posmodernidade. Para Urrutia (1997, 577), nos anos setenta comeza tamén unha superación dos vellos mestres —Coderch ou Sostres—, aínda que figuras como Bohigas ou Correa seguirán a ter un gran peso, neste caso, a través do consello de redacción de *Arquitecturas Bis*<sup>8</sup>, máis próxima á figura de Vittorio Gregotti (1927-2020), trasladándose ao ámbito barcelonés a bifurcación teórica milanesa entre este último e Aldo Rossi<sup>9</sup>. Esta revista representaba a ollada máis interesada cara á situación estadounidense. En efecto, establecerán contactos coa revista *Oppositions*, dirixida por Peter Eisenman (1932) e Kenneth Frampton (1930), e coa italiana *Lotus* organizarán un encontro en Cadaqués en 1975<sup>10</sup>. Fronte a isto, *2C: construcción de la ciudad* constituíuse como interlocutor barcelonés de Rossi, figura a que dedicarán até tres monográficos (García Estévez 2014, 112–13)<sup>11</sup>.

Este fragor teórico dos setenta comezara a xestarse nos sesenta, cando Rossi publicara o seu ensaio en 1966, ano en que tamén saía á luz *Complejidad e contradición na arquitectura* de Robert Venturi (1925-2018). Segundo Tarragó, aínda que a formación teórica de Rossi estaba xa constituída no camiño cara *A arquitectura da cidade*, as viaxes que o italiano realizara desde 1964 por diferentes cidades españolas exerceron unha grande influencia como demostración de moitas cuestións da teoría que estaba a construír. En efecto, para xustificar isto, o autor cita varias cartas do italiano, onde fala de Andalucía, Cataluña ou Galiza:

*Ho visto paesi bellissimi che non so se conosci: prima di tutto Santiago de Compostela che ha lo stesso valore di Granada o Venezia. È una città fatta di monumenti che sembrano rocce dell'Atlantico e di case a vetri e serramenti bianchi come quelle olandesi. Ma tutta la Galizia è di una stupenda bellezza: Vigo, Pontevedra, La Coruña, Castropol ecc. La costa atlantica galiziana è fra i paesaggi più belli del mondo con i picchi e le spiagge della Bretagna e un clima dolcissimo*

*Come vedi sono ancora esaltato! Sono stato via parecchio tempo ma adesso comincio a conoscere la Spagna quasi come Italia e ho voglia di conoscerla sempre meglio (16-IX-1966) (Tarragó i Cid 1975, 6).*

Fig. 2. Portada do *quaderno azzurro* número 20 (xullo-outubro de 1976).



A concreción práctica destes contactos con Barcelona consolidarase na transición aos anos setenta. En 1971 aparece a tradución ao castelán d'*A arquitectura da cidade*. Un testemuño fundamental para coñecer esta vinculación son os *Quaderni azzurri* (fig. 2), onde Rossi

desenvolvía algunhas das súas ideas teóricas ou anotaba sensacións que lle producían as viaxes<sup>12</sup>. Podemos pór tres exemplos. En primeiro lugar, no caderno 5 referencia un itinerario de viaxe por Galiza e Portugal en setembro de 1970<sup>13</sup>. En segundo lugar, no número 7 (22/6/1971) faise referencia ás discusións con Tarragó sobre Antoni Gaudí co gallo da presentación da versión española do seu ensaio e dunha exposición sobre o arquitecto modernista en París<sup>14</sup>. Por último, no décimo caderno (5/1/1972), coincidindo cunha visita a Barcelona, aparece unha das grandes amizades galegas de Rossi, Antonio Bonet Correa (1925-2020), quen insta a Rossi a redactar un caderno sobre as súas viaxes a Galiza, unha idea que, se ben non foi realizada, agradaba ao arquitecto italiano<sup>15</sup>. É así que Rossi chegará a 1973, ano chave para entender a arquitectura galega de finais de século, como unha das pezas fundamentais para o seu debate interno e a abertura internacional.


## As achegas catalás e italianas na nova configuración profesional galega

A xeración de arquitectos galegos incorporados ao longo dos anos sesenta, protagonistas da favorábel conxuntura arquitectónica que viviu Galiza nas derradeiras décadas do século, formábase aínda no contexto de dualidade entre as escolas de Madrid e Barcelona. Como xa indicamos, a formación barcelonesa de moitos deles permitiu eses contactos con outras experiencias que, máis aló de enriquecer as liñas teórico-prácticas de parte da arquitectura galega, tiveron unha relevancia clara no establecemento e consolidación das novas institucións profesionais galegas, isto é, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), nadas en 1973. O COAG nace tras ser recollido Andrés Fernández-Albalat Lois (1924-2019) como decano anterior colexio compartido entre Galicia, Asturias e León, un ascenso que levaba consigo a promesa electoral da segregación dos arquitectos galegos. Esta escisión materializarase en maio de 1973, constituíndose os seus órganos xestores en agosto. Entre as liñas de actuación do nacente COAG constaban a intervención na planificación urbana, a denuncia de infraccións urbanísticas e actuacións culturais, incluíndo seminarios, exposicións e publicacións (Mariño 1974, 247-48). A primeira posta en escena do COAG en sociedade é de vital importancia no reforzo dos contactos que se comezan a xestar nestes anos. Entre 10 e 15 de decembro deste ano celébrase en Santiago a III Reunión de Arquivos Históricos dos Colexios de Arquitectos de España, que tomaba o relevo das anteriores celebradas en Palma de Mallorca e Valencia e tendo como fío argumental a denuncia do estado de degradación dos cascos históricos.

O encontro contaba coa presenza da figura de moda do momento: Aldo Rossi<sup>16</sup>. Como se relata tanto na prensa<sup>17</sup> como no *Boletín informativo*<sup>18</sup> do propio colexio, os participantes visitaron as Rías Baixas durante os dous primeiros días, «*interesándose especialmente por todo lo referente a formas de asentamiento y distribución de la población, así como por la problemática que tiene planteada la zona en relación con la instalación de determinadas plantas industriales que pueden perjudicar, en gran medida, el racional aprovechamiento de la riqueza natural de las rías*»<sup>19</sup>. Durante os seguintes días presentaríanse, no Hostal dos Reis Católicos, comunicacións sobre a situación de diferentes cascos históricos da xeografía española. Aldo Rossi, así mesmo, pronunciará unha conferencia tanto en Santiago como en Lugo. Todas as contribucións e os materiais recompilados foron empregados polos representantes dos Arquivos Históricos para elaboraren unha «Declaración de Santiago», que a xeito de manifesto foi lida en rolda de prensa por Tarragó —como representante do colexio de Cataluña e Illas Baleares—, Albalat e Portela —como decano e secretario do COAG, respectivamente—.

Alén das propias conclusións da reunión, o certo é que estes días serviron para abrir novas vías de actuación no seo do colexio. Conta [Almuíña Díaz \(1985\)](#) que, durante paseo con Salvador Tarragó e Carlos Martí, ao pasaren pola Porta da Mámoa, comentou aos arquitectos cataláns o irreversible destino do Edificio Castromil —un dos principais expoñentes do modernismo compostelán, obra de Rafael González Villar (1887-1941) proxectada en 1922—, condenado á demolición. Tarragó, porén, insistiu na posibilidade de salvar o vello edificio tramitando a súa declaración como monumento histórico-artístico. Á súa volta a Barcelona, Tarragó remitiulle a Almuíña o informe de incoación da casa Rubió i Bellver, un inmóbel que se conseguira salvar da destrución. Iniciouse así un período de loita e reivindicación que durou arredor dun ano e medio e que supuxo a consolidación do COAG no debate público e como axente destacado do mundo cultural galego. En efecto, o papel desenvolvido polo colexio neste caso enfrontouno aos poderes do réxime representados na alcaldía de Santiago: Francisco López Carballo (1964-1974), a quen se debe a decisión de converter ese espazo na Praza de Xelmírez e a construción dun aparcadoiro subterráneo, e Antonio Castro García (1974-1979), quen atacaría en varias ocasións o colexio.

**Fig. 3. Carlos Almuíña, Rafael Baltar, José Antonio Bartolomé, Xosé Manuel Casabella e Xosé Lois Martínez Suárez: Proxecto de reforma do Edificio Castromil e contorna. Extraído de *Jano arquitectura* (nº 32, 1975).**



Nos seguintes meses, a presenza na prensa do conflito foi constante, alternándose artigos a prol da conservación ou en contra, estes últimos ás veces xustificadas con argumentos de escaso peso. Dalgunha maneira, púñase de relevo unha pugna entre *castromilistas* e *anticastromilistas*, en verbas de [Almuíña Díaz \(1985\)](#), isto é, entre os que vían un atentado contra o patrimonio e os que defendían a estética do «Santiago eterno»<sup>20</sup>. Aínda que sempre sobrevoou o argumento de que o colexio chegaba tarde a esta reivindicación —o proxecto da praza fora aprobado anos antes—, foron moitos os recursos que empregou a institución colexial para virar o signo xeneralizado da sociedade e, por suposto, o do goberno municipal. En novembro de 1974, por exemplo, o COAG convoca unha mesa redonda no Círculo Mercantil de Santiago —situado no Pazo de Bendaña—. Presidida por Santiago Rey Pedreira, contou coa presenza de Tarragó, quen expuxo unhas diapositivas, de representantes do COAG, do Colexio de Cataluña e Illas Baleares e do Arquivo Histórico Universitario. Un mes despois, durante a celebración da IV Reunión de Arquivos Históricos, celebrada en Sevilla, lanzouse un manifesto sobre arquitecturas ameazadas, entre as que se atopaba o Castromil. En paralelo, Carlos Almuíña viña elaborando, xunto con Rafael Baltar, José Antonio Bartolomé, Xosé Manuel Casabella e Xosé Lois Martínez Suárez, un proxecto de reforma do edificio Castromil e unha nova praza ([fig. 3](#))<sup>21</sup>. Porén, o desenlace era xa inevitábel. En xuño celebrouse en Santiago unha


exposición dedicada a González Villar, de que sairía o catálogo *Rafael González Villar e a súa época*. Cando en setembro se derrúe o edificio estaba en vías de publicación un número especial de *Construcción, Arquitectura, Urbanismo* (nº 33, 1975), a revista do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Cataluña e Illas Baleares, onde se incluía unha relación de arquitecturas desaparecidas ou en vías de desaparición<sup>22</sup>. Malia este novo apoio do sensíbel ámbito catalán, o Castromil desapareceu, pero achandaría o terreo para futuras experiencias máis positivas.

## O GRUPO 2C E A CONFIRMACIÓN DUNHAS DINÁMICAS

### «As etapas dun traballo colectivo»: Aldo Rossi e o Grupo 2C

O papel central de Santiago nas novas reivindicacións do nacente colexio víñase reflectindo nas súas primeiras actividades. En 1976 celebraríase o I Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela, un punto de inflexión na organización profesional colectiva da arquitectura galega e na súa abertura ás máis recentes correntes teóricas internacionais. Como vimos dicindo, o nexo entre Rossi e Galiza era Barcelona ou, máis concretamente, o Grupo 2C. Este colectivo fai balance do seu traballo no número oito da súa revista *2C: construcción de la ciudad* a través de tres apartados: os estudos que se estaban a desenvolver desde o grupo sobre Barcelona, a exposición «Arquitectura y racionalismo» e o propio SIAC. Os estudos urbanísticos de Barcelona foron a base do traballo colectivo do Grupo 2C, que, a partir do estudo das propostas urbanas de Cerdà e Clavé, elaborou un novo plan urbanístico inspirado no segundo, o «Plan Torres Clavé». Este plan espertou o interese de Rossi, quen convidou o grupo a participar na XV Trienal de Milán (1973) cunha mostra titulada «Barcelona: tres épocas, tres propuestas»<sup>23</sup>, unha demostración da reciprocidade existente entre Rossi e este cenáculo barcelonés<sup>24</sup>. Posteriormente, o plan sería articulado na exposición «El Plan Torres Clavé: una alternativa racional para Barcelona» (1974), antesala doutra exposición sobre Cerdà celebrada co gallo do centenario do seu pasamento (1976)<sup>25</sup>.

**Figs. 4 e 5. Cartel da exposición «Aldo Rossi + 21 arquitectos españoles» (COAG, 1976). Pascuala Campos e César Portela: Vivendas para comunidade xitana en Campañó (Poio, 1971-1974). Fotografía de Anna Turbau. Extraída de *Documentos de arquitectura* (nº 16, 1991).**



En xusta reciprocidade, unha exposición sobre Rossi no Internationales Design Zentrum de Berlín será trasladada a Barcelona da man do Grupo 2C, propondo o arquitecto milanés engadir aos contidos orixinais unha selección de obras de arquitectos españois, moitos deles vinculados ao grupo. Celebrouse así «Arquitectura y racionalismo: Aldo Rossi + 21 arquitectos españoles» no Palau de la Virreina da cidade condal en maio de 1975. Após varias paraxes itinerarias, a exposición chega en febreiro de 1976 ao Hostal dos Reis Católicos compostelán co apoio do COAG (fig. 4). Pascuala Campos, César Portela, Carlos Trabazo, Ana Fernández, Bonet e Armesto serán os representantes galegos da ampla nómina de profesionais que compuxeron esta mostra<sup>26</sup>, unha inclusión que non era nin a primeira nin a última naqueles profesionais galegos formados en Barcelona<sup>27</sup> ou en obras que, como as vivendas para unha comunidade xitana realizadas por Campos e Portela en Campañó (Poio, 1971) (fig. 5), foron interpretadas como unha das principais mostras estatais da recepción rossiana. O título da exposición era explicada polo grupo do seguinte xeito:

*La primera parte del título, afirmativa aunque genérica, significaba nuestra posición cultural y nuestra opción concreta: la recuperación de los planteamientos racionalistas, si bien matizados por la reflexión crítica sobre la experiencia de la arquitectura moderna y ensanchados por las conquistas teóricas ligadas a una concepción más dialéctica de la razón. La segunda parte del título, al hacer referencia a la presencia de Aldo Rossi entre nosotros, adjetivaba de un modo más concluyente el contenido de la exposición (Grupo 2C 1977a, 21).*

Aínda que o Grupo 2C renegaba de calquera adscrición estilística ou da prevalencia absoluta dun discurso xeral, o certo é que o nexa era a influencia de Rossi, respectando en todos os casos as características concretas de cada proxecto. Así, o estilo, máis que unha formulación apriorística, era entendido como un resultado, opóndose con esta idea a aqueles que «interpretan nuestro trabajo como una resonancia (más o menos afinada) del “actual panorama italiano”» (Grupo 2C 1977a, 22). Porén, froito das tensións barcelonesas da época, Helio Piñón redactaría unha dura crítica de 2C e da exposición para *Arquitecturas Bis*: «Hay que reconocer, no obstante, que tanto Construcción de la Ciudad. 2C como la exposición de los rossianos españoles, no tan solo no han conseguido la necesaria clarificación teórica, sino que han contribuido a aumentar la confusión con envidiable eficacia» (Piñón 1976, 30). Pola súa banda, Rossi, que se amosaba agradecido por ter sido escollido como «emblema» dunha serie de arquitectos novos, reivindicaba nesta exposición algunhas das ideas da súa teoría: o estudo da tipoloxía e a vinculación á forma da cidade como tradición dialéctica como modos de superar o que el denominaba funcionalismo inxenuo, ademais do establecemento de novas relacións coa ideoloxía e co compromiso cultural (Rossi 1977c). «Aldo Rossi + 21 arquitectos españoles» tivo sempre un lugar especial na memoria do arquitecto. Doce anos despois, como podemos ler tamén nos *quaderni azzurri*, Rossi atopa unha copia do cartel da exposición, facendo a seguinte reflexión:

*Così questo invito che ho trovato in questi giorni d'estate del Colexio di Galizia. Questo ALDO ROSSI + 21 (arquitectos españoles) e il luogo [d'] esposizione -hostal- con quel Compostela 1976 (solo 12 anni e mi sembra così antica) tutto questo trasforma il progetto 'La casa Bay'<sup>28</sup>, un una storia diversa, come diverse saranno le sue imitazioni o copie o solo ricordi. Ma il nome che diamo alla cosa e il suo contesto ci offre una nuova realtà e spesso questa realtà è più ricca, o più luminosa o magari più academica (Rossi 1999).*

## O I Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela (1976)

Existe nas principais achegas historiográficas deste período un acontecemento que, xunto coa fundación do COAG e a ETSAC, é marcado como un verdadeiro fito no desenvolvemento da arquitectura galega contemporánea: o I Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela, celebrado entre 27 de setembro e 8 de outubro de 1976. A exposición dos



*rossianos*, celebrada meses antes, servira como antesala deste seminario, para cuxa celebración o COAG contou co apoio do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España e mais da Universidade de Santiago de Compostela, que acolleu o seminario na Facultade de Xeografía e Historia —daquela chamada coloquialmente «a Universidade»—. A idea dun seminario non era nova no seo do COAG<sup>29</sup>, encargándolle a Salvador Tarragó o establecemento das liñas que artellarían este seminario. Con todo, unha primeira cuestión que non adoita ser atendida nas historiografías xerais é que o SIAC non constituíu un encontro representativo de toda a institución colexial, posto que existiron tensións entre a Xunta de Goberno do COAG e algúns colexiados, que «*propiciaron un importante abstencionismo por parte de los discrepantes, lo que, unido a la subjetividad de los organizadores en la selección de los participantes, configuró una muestra tan sólo parcial del colectivo profesional en Galicia y en el resto del Estado español*» (Fraga Rivas e Malo de Molina 1976). De calquera modo, a elección de Rossi como director, de Tarragó como secretario ou a presenza de Yago Bonet ou Carlos Martí na coordinación do SIAC falan do imprescindible papel que tivo o Grupo 2C na súa concreción, a importante presenza deste colectivo en Galiza nestes anos e a continuidade das accións que, como o «caso Castromil»<sup>30</sup>, tiveran no mundo catalán e italiano un punto de referencia para a defensa do patrimonio e a loita contra o caos especulativo.

Así e todo, durante a preparación deste seminario, os contactos establecidos por algúns arquitectos galegos irán máis aló da propia arquitectura. Aparecerán neste momento dúas figuras que haberán ter unha fonda relación con Galiza, o matrimonio formado pola fotógrafa Anna Turbau e o documentalista Llorenç Soler. Tarragó chamáraos a comezos do verán de 1976 para iren xantar xunto con Portela, Bonet e Rossi nun restaurante de Barcelona, como relata o propio Soler (1994, 39–40)<sup>31</sup>. Soler e Tarragó xa traballaran xuntos na realización do documental *Cerdà, una obra malograda* (1976), unha produción que se enmarca precisamente na xa citada exposición do centenario do urbanista catalán. A deriva reivindicativa que adoptou o COAG a través dalgunhas das súas figuras atopou moita afinidade en Turbau e Soler. Este último, como un dos grandes expoñentes do documentalismo contracultural do tempo da Transición, realizaría o documental do SIAC (1976), que non sería a única colaboración co ámbito da arquitectura galega<sup>32</sup>. O documental do seminario foi tamén unha descuberta dunha cidade que habería ter unha significancia persoal para Soler. Así, o director alternou na metraxa imaxes en movemento da cidade coas actividades realizadas na facultade ou con momentos de lecer ou de certa intimidade<sup>33</sup>, como a primeira escena, en que se mostran Portela, Rossi e Tarragó a preparar o seminario<sup>34</sup>.

Rossi titulou o seu *quaderno azzurro* número 20 «Discurso di Santiago», podendo ver unha serie de anotacións preparatorias para o seminario<sup>35</sup>. Algunhas delas —indica— son froito de conversas con Salvador Tarragó. Así, por exemplo, reflexiona sobre a posibilidade dunha futuríbel transformación de Compostela en capital autonómica e o papel que os edificios monumentais terían nesa nova condición. Seguindo o seu ideario, Rossi afirma non existir ningún impedimento para transformar o convento de «las Pelayas» —San Paio de Antealtares— nun edificio habitacional ou unha igrexa abandonada como a de San Martiño Pinario nun museo, algo que se cumpriría en certa medida anos despois<sup>36</sup>. Así mesmo, pódense atopar outras referencias compostelás como exemplificacións da súa aprendizaxe sobre a arquitectura española, fundamentalmente do barroco, e da aplicación práctica do seu concepto de «analoxía»<sup>37</sup>, que entende que se manifesta na transformación e desenvolvemento histórico dos centros históricos e a súa arquitectura: «*In tal senso noi prendiamo la doppia facciata della cattedrale di Santiago, dove penetriamo di architettura in architettura, e a quella meravigliosa invenzione della civiltà barocca in tutta la Spagna che è il retablo, un'architettura autonoma in sé nella forma e nei materiali che si riflessa nella più ampia costruzione*» (Rossi 1999i). Estas ideas serían reflectidas na súa intervención no seminario, en que o arquitecto reflexionou non

só sobre a necesidade de atender a cidade histórica, senón a relación coa súa periferia, isto é, cos rúes tradicionais que nacen dos seus bordos (Rossi 1977a)<sup>38</sup>. O arquitecto italiano sentía ter iniciado un camiño de compromiso coa realidade galega. No comezo do mesmo caderno hai unha pequena anotación que reza «*La Via Lattea*», unha referencia ao filme de Luis Buñuel (*La Voie Lactée*, no título orixinal en francés, 1969), que o debeu marcar na súa personalidade cinéfila. Precisamente, nunha entrevista de Luís Mariño e Carlos Martí no *El País*, Rossi declaraba:

*En primer lugar, afrontaremos con compromiso y participación el estudio de Galicia, personalmente ha sido esto lo que me impulsó a venir [...]. El enigma que ha comprendido Luis Buñuel en una ambigua desacralización cuando realizó un filme extraordinario sobre el Camino de Santiago. También para los peregrinos lo que contaba era el recorrido: la explicación del viaje desde Ítaca hasta Santiago estaba en el propio viaje (Rossi 1976).*


O seminario decorreu a través de conferencias, grupos de traballo e visitas a exposicións e á cidade. Nas mesas de traballo abordáronse, con recursos limitados, proxectos de rehabilitación de cinco zonas da cidade: Ensanche, San Clemente, Bonaval, Belvís e San Martiño Pinario, isto é, zonas que, dunha maneira ou doutra, acabarían sendo intervidas nas décadas seguintes. O SIAC presentou un abano de propostas que representaron moi diferentes sensibilidades, con figuras que volverán con posterioridade a Compostela, como Álvaro Siza (1933) ou Josef Paul Kleihues (1933-2004)<sup>39</sup>. Non obstante, malia a pluralidade de experiencias que se deron cita no seminario, existen críticas que apelan ao excesivo protagonismo do panorama teórico italiano (Amón 1976) ou mesmo a unha dimensión «mesiánica» da figura de Rossi<sup>40</sup>.

Con todo, o funcionamento do SIAC non foi o desexado para moitos participantes. Algunhas das críticas que se poden sinalar atinxen á organización horaria, cunha sobrecarga de actividades e de traballo, a excesiva carga teórica e desconexión coa realidade<sup>41</sup>, o carácter pouco transformador, a ausencia de contacto con asociacións veciñais ou a falta de materiais de traballo e de información sobre a historia e tipoloxías arquitectónicas no caso dos participantes estranxeiros. Estas críticas<sup>42</sup> estiveron presentes mesmo en arquitectos galegos moi activos no seminario, como Carlos Almuíña<sup>43</sup> ou Rafael Baltar e Manuel Gallego, estes dous últimos coordinadores dun dos grupos de traballo. Fronte a isto, Portela, sen mencionar o resultado formal, realizaba unha valoración moi combativa en clave nacional e de clase, louvando as metodoloxías e a estratexia profesional que confería o SIAC para superar a colonización económica, política e cultural de Galiza, avanzar cara á autodeterminación e ao socialismo e reivindicar a cultura propia (*Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela 1977, 297; Grupo 2C 1977c, 64*). Pola súa banda, a valoración «oficialista» de 2C afástase das críticas sobre as férreas metodoloxías teóricas: «*en Santiago de Compostela no hemos codificado nada, ni indicado el camino a seguir; la época del CIAM y del arquitecto-brujo ha terminado con la bella ilusión de que la arquitectura resolviese los problemas estructurales*» (*Portela, Rossi, e Tarragó i Cid 1977, 9*), xa que logo «*de lo contrario estaba condenado a convertirse en una simple especulación formalista, en un trabajo de laboratorio*» (*Grupo 2C 1977c, 57*). Por último, e malia as xa citadas discrepancias existentes no COAG, Xosé Bar Bóo (1922-1994), en condición de decano, facía unha valoración institucional positiva na clausura do seminario, apelando á escasa traxectoria temporal do colexio e a economía de medios: «*Y de los resultados creo que tampoco podíamos esperar más, pues si nunca llegamos a una solución definitiva sino que siempre serán transformables mientras no tengamos una organización política suficiente, una sociedad realmente autogestionaria donde todos nos propongamos hacer las cosas y juntos tratemos de resolverlas*» (*Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela 1977, 301*).

Á súa volta, Rossi deixaba constancia no seu *quaderno* 21 a preparación do prólogo do futuro libro (fig. 6): «*Questo libro documenta una esperienza singolare. Il corso di un seminario o di una scuola che ha affrontato i problemi dell'arch[itettura] in un luogo circostanziato: la Galizia*» (Rossi 1999j). A satisfacción dos organizadores na conclusión do SIAC deixaba sobre a mesa a celebración de novas edicións, algo que se produciría mais sen as mesmas sinerxías: Sevilla (1978)<sup>44</sup>, Barcelona (1980), Nápoles (1982) e Belfort (1984). Ademais, como sinala García Estévez (2014, 114–15), o paulatino achegamento de Rossi á crítica estadounidense contribuirá ao seu afastamento dos seminarios. Con todo, isto non suporá unha creba na súa relación con Galiza, que seguirá dando os seus froitos e que estará presente na súa *Autobiografía científica* (1981), libro que comeza a escribir nas súas viaxes a Estados Unidos<sup>45</sup>.

Entre esas visións historiográficas máis favorábeis sobre a transcendencia do SIAC, Seara Morales (1993, 392) fai fincapé na influencia de Rossi e das súas metodoloxías no modo de intervir sobre a cidade histórica, mentres que De Llano Cabado (1989, 16) sinala a importancia desta base teórica para reutilizar e ler os espazos e as arquitecturas tradicionais. Con todo, como se foi vendo ao longo deste apartado, esta recepción do SIAC entre os arquitectos galegos non tivo sempre este carácter tan optimista, como se manifesta en valoracións posteriores de dous arquitectos que xa expuxeran as súas críticas nas propias conclusións do seminario. Dun lado, Manuel Gallego (1985), cuxa arquitectura non presenta moita afinidade coas lóxicas rossianas, si reconece o interese do SIAC como aglutinador da conciencia crítica e como ferramenta para unha aproximación ás problemáticas propias do país galego. Doutro lado, Rafael Baltar Tojo (1991, 79) só se laiaba de que, malia a mellora no coñecemento da cidade, se avanzase menos no recoñecemento doutros valores como o ambiente, as texturas ou os tratamentos cromáticos. En calquera caso, o denominador común destes arquitectos galegos é a importancia do SIAC nestes anos de xestación da nova estrutura profesional galega. Como afirma Alonso Pereira (2012, 31), o seminario e Rossi «*sirvieron de catalizador de los impulsos de ese grupo generacional, cuyo conjunto desorientado había sido dado a conocer por Baldellou*».

Figs. 6 e 7. Portada do libro *Proyecto y ciudad histórica*, cos contidos do I SIAC (COAG, 1977). Portada da edición orixinal en inglés da *Autobiografía científica* (The MIT Press, 1981).



En conclusión, fose ou non relevante para cada arquitecto galego —ou tivese ou non influencia o ideario de Rossi na carreira futura dos diferentes profesionais participantes—, o certo é o que o SIAC confirma a abertura e participación da arquitectura galega no panorama

crítico internacional nun momento de consolidada crise do Movemento Moderno<sup>46</sup>, unha revisión abordada desde as múltiples propostas que, para alén de Rossi, se deron cita no seminario e que consolidaron os contactos da arquitectura galega con outras experiencias. Como se verá deseguido, os anos oitenta marcarán as continuidades e as rupturas con Rossi no seo da arquitectura galega, mais, de calquera maneira, este seminario acendía a faísca do debate sobre os cascos históricos, presente en futuras actividades colectivas como as Xornadas de Arquitectura Galega<sup>47</sup> e outros moitos seminarios, congresos e conferencias.

## ENTRE A CONSOLIDACIÓN E A SUPERACIÓN: A CONTINUIDADE CATALANO-ITALIANA NOS ANOS OITENTA

### «lo amo santiago con timidezza e gelosia»: as referencias compostelás de Aldo Rossi

O SIAC veu confirmar o amor que profesaba o arquitecto por Compostela. Meses despois, en maio de 1977, expresaba no *quaderno 21*: «*lo amo Santiago con timidezza e gelosia*» (Rossi 1999j). O tránsito dos setenta aos oitenta é unha época de revisión persoal de Aldo Rossi, como testemuña a xa citada *Autobiografía científica*, que viu a luz en Estados Unidos en 1981 (fig. 7). Este texto, moito máis introspectivo pero ao tempo acreedor das súas formulacións teóricas, está constituído por unha serie de anotacións que o arquitecto italiano viña tomando desde 1971, unha especie de *collage* cuxa lóxica interna viña da aplicación práctica e sentida da súa teoría sobre os lugares que foi visitando. Entre eles atopábase, por suposto, Santiago de Compostela, unha cidade indubidabelmente evocadora para o mestre italiano. Como dicíamos anteriormente, Tarragó defendía xa en 1975 a influencia da viaxe por España de Rossi na súa arquitectura e na confección d'*A arquitectura da cidade*. Para o caso que nos atinxe, o catalán relacionaba —seguindo o método análogo— os edificios de vivendas no Gallatarese de Milán (1968-1973) co acueduto de Segovia (s. I) e mais a fachada do mosteiro de San Paio de Antealtares (ca. 1640):

*Pero, al propio tiempo, este fino bloque de ventanas cuadradas nos remite al Gallaratese donde la propia estructura porticada de sostén del edificio puede también estar inspirado directa o indirectamente en este claro ejemplo de arquitectura urbana que nuestro acueducto representa. Por último, la propia composición de la fachada sur del Gallaratese no está muy distante de este gran muro ciego de piedra del Convento de San Pelayo que cierra la plaza de la Quintana situada en el ábside de la catedral de Santiago de Compostela (Tarragó i Cid 1975, 6).*

Rossi, que xa se facía eco deste paralelismo establecido por Tarragó na súa intervención no SIAC (Rossi 1977a, 21), volveu facer referencia na *Autobiografía científica*, obra en que dedica unhas liñas ás emocións que lle causaba o mosteiro de Antealtares (fig. 8). Rossi refírese a unha fotografía cunha faciana detrás da reixa dun convento ou un castelo. Para el, a fotografía pon de relevo o sentido interior-exterior, establecendo unha especie de xogo foucaultiano de perspectiva: ao espectador élle difícil interpretar se ve a fotografía cos ollos da persoa que mira ou desde o outro lado. Así pois, relata como a visita ás celas do mosteiro de Antealtares xerou nel unha sensación semellante á inspirada por dita fotografía:

*Una singular coincidencia hizo que visitase las celdas de las hermanas del convento de Las Pelayas, en Santiago de Compostela, poco después de haber visto esta fotografía. La fachada de Las Pelayas<sup>48</sup> es una de las obras maestras de la arquitectura del XVII español, y me había causado siempre tan gran impresión que mis amigos*

*catalanes, en una publicación suya, la habían relacionado, como imagen analógica, con mi edificio del Gallatarese de Milán. Sin embargo, en el interior de las celdas, sentí una impresionante luminosidad, contradictoria con el aspecto casi carcelario del exterior. Incluso las voces que llegan de la calle se escuchan en ese interior con mayor precisión, como en un teatro. También como en un teatro perciben los ojos del joven el exterior, con la visión de quien asiste a una función (Rossi 1998, 12-14).*

En verdade, moitas das ideas incluídas na *Autobiografía* proveñen das anotacións que, cunha maior intencionalidade ou premeditación, viña redactando nos seus *quaderni*. Se no *quaderno* 20 falaba da posibilidade contemporánea de reconverter os usos do mosteiro de San Paio, no *quaderno* 31 hai unha referencia indirecta a este complexo. Nunha viaxe a Sevilla en decembro de 1986, Rossi visita o convento de clausura de Santa Paula con Fernando Villanueva —presente no SIAC—, quen estaba a levar os labores de rehabilitación. Após reflexionar sobre os valores que se estaban a recuperar no edificio, Rossi lembra as sensacións que San Paio lle transmitira como mosteiro feminino de clausura:

*È questo il secondo convento di suore di clausura che vedo dopo las Pelayas di Santiago de C. Anche qui mi ha colpito il senso di calma, di distensione, di luminosità atmosferica e umana del convento. La sensibilità femminile ad un grado molto alto, quella letizia di cui parlano i testi religiosi -credo che nelle comunità maschili tutto sia diverso, più rozzo o più teso.*

*Non so (Rossi 1999k).*

Con todo, Antealtares non é a única referencia compostelá na *Autobiografía*. Así, Rossi volve retrotraerse a Compostela a través doutra lembranza analóxica. En 1979, co gallo da Bienal de Venecia, Aldo Rossi proxectara o Teatro del Mondo, construído perante o edificio da Alfándega. A visión do seu remate —unha bóla dourada cunha imaxe da Fortuna en cobre verdoso— vénlle á mente ao facer unha valoración estética das pátinas dos edificios, as herbas e os liques que, por suposto, se manifestan tamén na pedra e, máis sinaladamente, no granito galego. Así, refírese a Santa Clara (1719) (fig. 9)<sup>49</sup> como unha das súas fachadas preferidas da cidade:

*Esas figuras provienen de un jardín, como parece indicar el verde de verdín y el verde vegetal y extraño que el cobre toma en ellas; verde como el de las hierbas, también amarillentas, que crecen entre las piedras grises de las catedrales cercanas al mar o al océano, en Galicia, en Portugal o en Bretaña. Por eso, la fachada de Santa Clara, en Santiago de Compostela, es quizá una de las que más me gustan. Su muro de piedra oscura, surcado de verde, teñido de un verdín que parece gotear desde su interior por una grieta, como un extraño desinfectante, contiene una pequeña imagen de la santa. Está colocada en el centro, pintada como una preciosa muñeca abandonada en un lugar inaccesible, como es también inaccesible la Fortuna veneciana, la de lentos, inadvertibles movimientos, porque nadie debe notar los movimientos de la Fortuna (Rossi 1998, 81-82).*

**Figs. 8 e 9. Bartolomé Fernández Lechuga: Fachada do mosteiro de San Paio de Antealtares á Praza da Quintana (ca. 1640). Simón Rodríguez: Fachada da portería do convento de Santa Clara (1719).**



Fotografías do autor.

No entanto, estas sensibilidades poden ser advertidas nos textos de Rossi desde comezos dos anos setenta. En outubro de 1971 referíase á estética das pátinas na cornixa atlántica no *quaderno 9*: «*Nelle chiese bretoni sull'Oceano la vegetazione muschiosa sulla pietra grigia è uguale a quella di Santiago – grigio / verde / ruggine – i colori delle conchiglie. Anche il bizzarro gotico/rinascimento/barocco*» (Rossi 1999c). Estas cuestións relativas ao influxo das condicións naturais volven ser debulladas en outubro de 1973 nunha reflexión sobre a relación ambiental da arquitectura co espazo:

*In questo grande spazio si riuniscono tempo atmosferico e tempo cronologico. Ma anche nella materia delle cose, nelle pietre dove la forma lavorata si riunisce alla forma della materia, le scritte e le figure delle pietre tombali. Questo annulla ogni altra concatenazione di vita pubblica e privata; ancora pensi alla Cattedrale di Santiago, alle facciate successive a loro volta riunite dal tempo e dall'aria del mar e costruite sopra e l'una all'altra unite* (Rossi 1999f).

Para alén destas referencias compostelás e galegas de Rossi, que se moven entre a súa condición de teórico da arquitectura e o sentimento individual, o arquitecto italiano non esgotará a súa presenza en Galiza durante os anos oitenta.

**Figs. 10, 11 e 12. Cartel da conferencia de Rossi na ETSAC (26 de maio de 1982). Extraído de *I.doc: documentos da escola técnica superior de arquitectura da Coruña* (Universidade da Coruña, 2008). César Portela: *Casa Estévez Barcala en Salcedo* (Pontevedra, 1980). Extraído de *Documentos de arquitectura* (nº 16, 1991). Pascuala Campos: *Lavadoiro en Combarro* (Poio, 1984).**



Fotografía do autor.

## Continuidade no teoría e ruptura na práctica

Ao longo do curso 1981-1982, a ETSAC organizará un ciclo de conferencias con Félix Candela (16 e 17 de novembro), Álvaro Siza, Fernando Távora e Alcino Soutinho (21 de maio) e Aldo Rossi (26 de maio) (Casabella López 2009, 19). Desa experiencia (fig. 10), o xornal *La Voz de Galicia* compartiu un día co mestre italiano, César Portela e Daniel Pino no mosteiro de Armenteira, o pazo de Fefiñáns e un paseo marítimo polas bateas da ría de Arousa. Ao igual que durante a III Reunión dos Arquivos Históricos de 1973, Rossi reeditou o seu contacto coas Rías

Baixas, a súa arquitectura e realidade territorial. En efecto, ao longo desa visita, o mestre italiano atopou máis semellanzas entre a súa idea da cidade análoga ou da tipoloxía na realidade galega: a incorporación de elementos vernáculos como a galería, a superación da dicotomía rural-urbano no territorio, a monumentalidade do hórreo ou a aposta pola pedra (González Carrera 1982), posicións reflectidas na obra de arquitectos como Portela ou Campos como as xa citadas vivendas en Campañó, as casas que Portela (1980) (fig. 11)<sup>50</sup> realiza nos anos oitenta ou o lavadouro que Campos inclúe nas súas intervencións urbanas en Combarro (1984) (fig. 12)<sup>51</sup>. Todas estas obras teñen sido analizadas non só desde posicións rossianas, senón tamén desde un prisma de expresión rexional<sup>52</sup>.

A presenza italiana e catalá seguía moi presente na arquitectura galega. Por exemplo, dous anos antes desta visita de Rossi, a ETSAC organizara outro ciclo titulado «Vanguardia e profesión» (1980). Neste encontro estaba previsto que asistise Gregotti<sup>53</sup>, figura antes polemizada dialecticamente contra Rossi por *Arquitecturas Bis*, se ben só participaron finalmente Joseph Rykwert e Oriol Bohigas, precisamente unha das figuras máis salientábeis desta revista catalá. Así e todo, Gregotti estará presente na revista do COAG, *Obradoiro*, a través dun texto sobre a arquitectura do territorio (Gregotti 1983). Pola súa banda, malia todas as dificultades e limitacións do SIAC, en 1985 «reeditaríase» este encontro, novamente en Santiago: o Seminario Internacional de Arquitectura Galega (SIAG), tomando como base o nome do seminario de 1976. Aínda que contou con algunhas ausencias con respecto ao grupo de participantes do SIAC, o SIAG si contaba con maior información e material gráfico, o que produciu «*valiosas respostas teóricas y sobre todo debates enriquecedores que, en todo momento, conducían al análisis de propuestas sobre los bordes del casco histórico y otras áreas de influencia de la ciudad antigua*» (Baltar Tojo 1991, 80)<sup>54</sup>. Antes do SIAG, Aldo Rossi recoñecía en prensa que a situación tiña mudado «*porque los años de experiencia y de lucha de los arquitectos gallegos desde aquel primer SIAC me parece muy importante y que ha de tenerse en cuenta a la hora de actuar*». Ademais, se en 1976 discutía con Tarragó sobre como influiría a capitalidade autonómica na arquitectura santiaguesa, Rossi avisaba de que, aínda que esta nova administración autonómica con sede en Compostela era unha novidade positiva, «*puede suponer el peligro de esclerotizar la vida de la ciudad*». Esa mudanza, que podería chegar «*por el consumo de monumentos*», é algo que relaciona con Venecia: «*Sería muy grave —previene— alterar la relación única que esta ciudad mantiene con el campo y la belleza del paisaje, entre la historia y la geografía*». Sexa como for, recoñecía que a posibilidade de desenvolver proxectos na zona histórica era real (Pino 1985a, 24).

Outras personaxes que tamén repetiron como comunicantes ou participantes foron Yago Bonet Correa, Antonio Bonet Correa, Juan Ruesga Navarro, Carlos Martí e Salvador Tarragó, unha presenza que, polo tanto, testemuña as continuidades do Grupo 2C en Galiza<sup>55</sup>. Ao igual que no SIAC, onde os grupos de traballo se dividiron en cinco sectores adxacentes á *améndoa*, durante os cinco días que durou o SIAG presentáronse cinco proxectos dirixidos polo profesorado da ETSAC: centro para posgraduados nas edificacións da antiga fábrica de curtidos do Sarela —preto de onde Víctor López Cotelo habilitaría unha serie de vivendas máis adiante—, reestruturación da zona de Belvís, túnel baixo as avenidas Xoán Carlos I e Senra, alternativa peonil ao Camiño de Santiago entre Monte do Gozo e Porta do Camiño e intervención nas hortas de San Francisco<sup>56</sup>.


Aínda que moitas das súas propostas en ocasións difiren moito das formuladas no SIAC e no SIAG, moitas das inquiredanzas destes seminarios foron reflectidas no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (1988-1998). Este plan, inserido na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (1988-1989), tivo a súa razón de ser na necesidade de canalizar a nova condición de Santiago como capital, coa figura do arquitecto Xerardo Estévez como alcalde da cidade e que recibiu a atención de publicacións estatais e internacionais<sup>57</sup>.

Dirixido pola Oficina de Planeamiento, con Juan Luis Dalda Escudero e Ánxel Viña á cabeza<sup>58</sup>, contou coa colaboración de Josef Paul Kleihues na redacción do Plan Especial, cuxa grande contribución á contemporaneidade era o Proxecto Urbano, un conxunto de propostas de diferentes arquitectos que, desde a súa posición individual, dialogaban con diferentes segmentos da zona histórica. Kleihues, que participara no SIAC en 1976, era neste intre un dos teóricos do urbanismo máis vangardistas, coordinando o Internationale Bauausstellung (IBA) de Berlín (1984-1987). A experiencia berlinesa consistía nun plan de construción de nova arquitectura en diferentes soares do Berlín Occidental, participando dela algúns dos arquitectos máis importantes desta década, como Siza, Rossi, Gregotti ou o tesinés Mario Botta, moi próximo tamén a certas sensibilidades italianas. O proxecto de Kleihues respondía ao seu concepto de «reconstrución crítica», un intento por renovar a cidade cautelosamente cunha aposta de modernidade e, ao mesmo tempo, respectuosa coa súa memoria. Ao igual que Rossi, Kleihues parte dunha posición de enfrontamento dialéctico coas preexistencias, só que máis aberto á experimentación formal: así, Santiago é unha cidade «*con la fuerza necesaria para cambiar y modernizarse a partir del orden propio, establecido en el pasado, permaneciendo a la vez idéntica a sí misma*» (Kleihues 1995, 146). Porén, Kleihues non volverá convidar Rossi en Santiago. En verdade, o alemán opúñase ao reduccionismo da teoría rossiana, na súa fe nunha «*arquitectura estilísticamente definible*» e a composición, unha superación do pensamento estruturalista cara a posicións postestruturalistas que puxesen o acento sobre a pluralidade e a diferenza no enfrontamento coa historia da cidade:

*Tal vez aquí deberíamos hablar de huellas de la memoria que han influido en nuestro trabajo, pues su concepción —la idea de una reconstrucción crítica de la ciudad— es, frente a la teoría reductiva de Rossi, que subraya la componente tradicional, más abierta y también más dada a los experimentos [...].*

*Si es cierto que las reflexiones de Rossi en los años sesenta y setenta fueron muy críticas y necesarias, también lo es que ni son ni fueron una respuesta suficiente a las complejas exigencias de las ciudades modernas. Y aunque sus propios proyectos son siempre impresionantes, su teoría, vinculada a la reducción y la continuidad, lleva a la interpretación acrítica y a lecturas erróneas antes que al riesgo, aunque sea controlado (Kleihues 1995, 176-77) <sup>59</sup>.*

**Figs. 13 e 14. Giorgio Grassi: Escola pública «Raíña Fabiola» (Santiago de Compostela, 1992-1993). Fotografía do autor. Vittorio Magnago Lampugnani: Vivendas no Campo das Hortas (Santiago de Compostela, 1992). Extraído de *A&V Monografías* (nº 41, 1993).**





Aldo Rossi tentaba reconciliarse con certos aspectos da arquitectura moderna, mais á vista de Kleihues, a súa nova versión desa modernidade estaba afastada do compoñente crítico necesario para comprender a crise da modernidade e afastarse da petrificación da cidade histórica, unha posición verdadeiramente frankfurtiana<sup>60</sup>. De calquera xeito, as experiencias italianas seguirán presentes a través de Giorgio Grassi coa Escola infantil «Raíña Fabiola» (1992-1993) (fig. 13) e Lampugnani coas vivendas nas Hortas (1992) (fig. 14), ambas as dúas preto da estética neorracionalista que define a *Tendenza* italiana. Neste campo de experimentación, Albert Viaplana e Helio Piñón, que nos setenta representaran a á máis crítica con Rossi na Escola de Barcelona, co seu proxecto de reestruturación da avenida Xoán XXIII (1991-1994) distancian esta zona das propostas máis afíns ao pensamento rossiano e tamén da proposta emanada do SIAG. Por último, quen si repetiu en Santiago foi Álvaro Siza, quen proxectou o Centro Galego de Arte Contemporánea (1988-1994) e, xunto con Isabel Aguirre, o parque de Bonaval (1990-1994), dúas obras que exemplifican á perfección a reconstrución crítica de Kleihues.

## PANEXÍRICO: ROSSI NA GALIZA DOS NOVENTA

O axitado debate que marca o tránsito aos anos noventa terá como punto álxido a celebración do Congreso Internacional de Arquitectura Institucional (CIAI), organizado desde o Consello da Cultura Galega e que, a diferenza daquelas primeiras actividades articuladas desde o COAG nos setenta, vai contar cun apoio económico e loxístico moito maior desde a institución autonómica. Desta maneira, en novembro de 1990 déronse cita en Compostela algúns dos arquitectos, historiadores e críticos máis importantes do panorama estatal e internacional, así como unha ampla nómina dos arquitectos máis representativos do norte de Portugal e Galiza. Dos participantes do SIAC repetiron Linazasoro, Antonio Bonet Correa, Kleihues e Barrionuevo. Rossi, que ía participar cunha comunicación titulada «Arquitectura e política», finalmente non puido asistir<sup>61</sup>, circunstancia que nos impide coñecer a opinión que o arquitecto italiano tería dos procesos urbanos que se estaban a levar a cabo en Compostela — procesos que, malia a distancia disciplinar establecida por Kleihues na súa dirección do Plan Especial, respondían a moitas das inquedanzas formuladas por Rossi nos anteriores seminarios.

A ausencia de Rossi no Proxecto Urbano de Santiago —e mais nos debates do momento, como os que se acenderon no CIAI— resultou simbólica tendo en conta a súa lonxa traxectoria na cidade<sup>62</sup>. En paralelo a dita ausencia, a revista *A&V Monografías* (nº 41, 1993) dedicaba un especial á arquitectura galega titulado «Galicia Jacobea», cun protagonismo relevante das principais arquitecturas compostelás realizadas na antesala do ano xacobeo de 1993. Rossi asina un dos textos introdutorios, unhas liñas en que reflexiona sobre algunhas cuestións xa vistas en anteriores ocasións:

*En realidad, la naturaleza de Galicia está íntimamente ligada a la construcción del hombre; sé que esta observación puede extenderse a muchos países, o tal vez a la arquitectura en su conjunto, pero en esta tierra resulta particularmente evidente.*

*En pocos lugares del mundo la catedral ha tomado ese color verdoso entre la pátina de la piedra y el color del musgo que nace de la piedra misma. Así son las piedras de Santiago de Compostela.*

*Los lugares viven en la realidad, pero también, y sobre todo, en la imagen que se ha creado en torno a ellos (Rossi 1993, 5).*

Con todo, Rossi fai referencia neste artigo a unha arquitectura en que está a traballar con César Portela. Así, o Museo do Mar de Galicia (1992-2002), na parroquia de Alcabre (Vigo), converterase na achega práctica de Rossi en Galiza. Este proxecto, nado á calor das promocións autonómicas na antesala do Xacobeo de 1993, respondía tamén á necesidade de deslocalizar as principais institucións culturais fóra de Compostela<sup>63</sup>. No entanto, o Museo do Mar foi unha oportunidade de intervir nunha zona que o italiano viña coñecendo desde as primeiras visitas dos sesenta ou nas excursións de 1973 e 1982: as Rías Baixas e as súas paisaxes propias. O proxecto foi presentado en setembro de 1992, dedicando a esta viaxe unhas escasas liñas no seu derradeiro *quaderno*, indicando a razón —«El Museo del Mar»—, os días e o itinerario —«21/25 Vigo/Santiago»— e un nostálxico apuntamento: «*Ritorno a Santiago de Compostela dopo molti anni*» (Rossi 1999m).

Rossi e Portela partían da necesidade de rehabilitar unhas antigas naveas conserveiras situadas na Punta do Muíño de Vento e a construción dun novo edificio claustrado que conduce ao mar a través dun peirao, unha proposta cunhas implicacións paisaxísticas cuxo fundamento, para o italiano, era «interpretar a Galicia material. Así o granito representaría un vencello entre a natureza e a construción» (Portela e Rossi 1993, 66). Esta noción, ademais, corresponderíase co concepto de «arquitectura do territorio», con que Portela semella ampliar as perspectivas da «arquitectura da cidade» rossiana coa sensibilidade que achegaba a teoría de Gregotti<sup>64</sup>. Así, para Rossi, este proxecto confirma a súa longa aprendizaxe sobre as características propias do territorio galego: «*Il Museo del Mare potrà essere il Museo della Galizia poiché in questo paese quasi non è chiaro il confine tra la città, la campagna e il mare [...]. E il granito grigio e duro segna una linea che lega il mare alla terra: dalle chiese ai fari che avanzano nell'Oceano*» (Portela e Rossi 1993, 70). Con todo, a morte de 1997 nun accidente de tráfico e as dificultades xurdidas na súa xestión deterán durante uns anos a súa construción<sup>65</sup>. Finalmente, en 1999, baixo a dirección de Portela, o Museo do Mar sería reiniciado até ser finalmente inaugurado en 2002. A pesar de ter engadido modificacións substanciais sobre o proxecto orixinal conxunto<sup>66</sup> (fig. 15), o arquitecto pontevedrés manifestará a presenza do seu vello amigo en cada nova solución adoptada: «*Yo creo que una de las obsesiones que yo tenía cuando cambiaba cosas era consultarle mentalmente a Aldo si estaba de acuerdo con lo que yo estaba cambiando. Y en cualquier caso, siempre me quedaba tranquilo pensando que si, como siempre, hubiéramos discutido alguno de esos cambios, hubiéramos llegado a un acuerdo*» (Portela 2014).

Fig. 15. César Portela: Museo do Mar de Galicia en Alcabre (Vigo, 2002).



Fotografía do autor.

Rossi, en calquera caso, deixara para sempre un gran pouso en Galiza. Un dos últimos testemuños desta eterna relación foron as IV Xornadas Modernidade e Contemporaneidade, organizadas polo Grupo de Investigación en Historia da Arquitectura (IALA) na ETSAC, que nesta edición (2016) versaron sobre Aldo Rossi —co gallo do cincuenta aniversario d'*Arquitectura da cidade*— e a súa relación con Galiza, sendo a efeméride neste caso o corenta aniversario da celebración do SIAC<sup>67</sup>. Como síntese do agarimo acumulado durante este tempo, sirva esta necrolóxica que un vello amigo, Antonio Bonet Correa, lle dedicaba no *ABC Cultural*:

*Enamorado de las ciudades históricas, era un nostálgico de la perfección de los edificios del pasado. Personalmente recuerdo su admiración ante el enorme y desnudo lienzo granítico del monasterio de San Payo de Antealtares en Plaza de la Quintana de Santiago de Compostela. Su paralelismo con lo Zen y lo minimal le entusiasmaba. Pero a la vez recuerdo su pasión por los sabrosos platos vernáculos cocinados en un rústico fogón por las tres propietarias de la casa de comidas «El Asesino», grandes amigas suyas a las cuales enviaba tarjetas postales desde las más lejanas ciudades. Gran amigo de sus amigos, Rossi poseía el don de la seducción más extrema (A. Bonet Correa 1997, 31).*

## CONCLUSIÓNS

A diferenza da xeración de Alejandro de la Sota ou a de Albalat e Bar Bóo, a xeración incorporada nos sesenta presentou unha pluralidade de referencias ao teren estudado os seus membros entre Madrid e Barcelona, así como pola proximidade da crecente efervescencia da Escola de Porto. Barcelona foi, sen dúbida, unha das máis dinámicas pontes da arquitectura galega contemporánea ao comunicala coa experiencia italiana, unha das correntes internacionais máis influentes e que permitiu a chegada de metodoloxías e contactos que artellaron as estruturas profesionais do país.

A historiografía teno sinalado nese sentido, afirmando o carácter fundamental do SIAC ou o papel de Rossi. Con todo, este percorrido ao longo de tres décadas demostra os diferentes encontros e desencontros cos alicerces instituídos nos setenta arredor da figura do Pritzker italiano. Sen negar a transcendencia innegábel dos contactos desa década inicial, o certo é que o desenvolvemento da arquitectura en Santiago e no territorio galego foi recibindo outros moitos estímulos e referencias teóricas, ficando as coordenadas rossianas moi afastadas da realidade materializada nalgunhas ocasións.

Sexa como for, a presenza dun dos arquitectos internacionais máis recoñecidos dos últimos sesenta anos é dunha relevancia fundamental para entender a arquitectura galega contemporánea e, en boa medida, a proxección cara ao exterior que foi obtendo aos poucos durante o derradeiro terzo do pasado século. Ademais, a súa relación de amizade e de agarimo con Galiza constitúe tamén unha sorte de intrahistoria que, en consonancia cos grandes discursos e consensos historiográficos, ofrecen unha visión complementaria sobre o desenvolvemento da arquitectura galega.

## REFERENCIAS

- Almuña Díaz, Carlos. "Propuesta de remodelación del edificio Castromil." *Jano arquitectura: revista de arquitectura, interiorismo y diseño*, 32 (1975) 20-22.
- Almuña Díaz, Carlos. "Crónica do 2o SIAC: de Compostela a contemporánea ou o que vai de Santiago 76 a Sevilla 78." *Obradoiro*, 2 (1978): 53-59.
- Almuña Díaz, Carlos. "O caso do edificio Castromil." *Boletín da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 24 (1985): s. n.

- Almuíña Díaz, Carlos, Rafael Baltar Tojo, José Antonio Bartolomé Argüelles, Xosé Manuel Casabella López, e Xosé Lois Martínez Suárez. "Proposta para a rehabilitación do edificio Castromil." *Boletín da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 24 (1985): s. n.
- Alonso Pereira, José Ramón. "Metáfora y mito: tránsito entre modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia." En *Modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia*, 15-39. A Coruña: Universidade da Coruña, 2012.
- Amón, Santiago. "Santiago de Compostela: Primer Seminario Internacional de Arquitectura." *El País*, 12 de Setembro de 1976.
- Baldellou, Miguel Ángel. "Panorama de la arquitectura actual en Galicia". *Hogar y arquitectura*, 96 (1971): 16-54.
- Baldellou, Miguel Ángel. 1978. "La inexistente "escuela de Madrid". *Boden: cuadernos de ceplástica*, 18 (1978): 5-11.
- Baldellou, Miguel Ángel. *Lugar, memoria e proxecto: Galicia (1974-1994)*. Santiago de Compostela: Electa, Consello da Cultura Galega, 1995.
- Ballester, José María. "Venecia y Compostela: la arquitectura, a debate." *Blanco y Negro*, 18 de Setembro de 1976.
- Baltar Tojo, Rafael. *Arquitectura y preexistencias: una referencia gallega*. Sada: Edicións do Castro, 1991.
- Bohigas, Oriol. "Cap a una arquitectura realista." *Serra d'Or*, 5 (1962): 17-20.
- Bohigas, Oriol. "Una posible 'Escuela de Barcelona'." *Arquitectura*, 118 (1968): 24-30.
- Bohigas, Oriol. "Gregotti. O una estructura teórica desde la práctica proyectual." *Arquitecturas Bis*, 4 (1974): 15-22.
- Bonet Correa, Antonio. "Aldo Rossi, el regreso al orden." *ABC Cultural*, 12 de Setembro de 1997.
- Bonet Correa, Yago. "As casas de César Portela: seis variacións dunha idea." *Obradoiro*, 20 (1992): 34-35.
- Bonet Correa, Yago. *La arquitectura del humo*. Sada: Edicións do Castro, 1994.
- Bustos, Carlos, e José Carlos Palacios Gonzalo. "El seminario de Santiago." *Arquitectura*, 201 (1976): 61-66.
- Campos Michelena, Pascuala. "Prediseño y propuestas formales en el núcleo de Combarro." En *Bordes urbanos, cuadernos de la Dirección General de Arquitectura y Vivienda*, 67-92. Madrid: Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, 1985.
- Carrera López, Pablo. "Os museos no espazo e no territorio: o Museo do Mar de Galicia." En *Museos, espazo e discurso. IX Coloquio Galego de Museos*, 175-87. Lugo: Museo Provincial de Lugo, 2008.
- Casabella López, Xosé Manuel. "Os primeiros cursos da Escola." En *I.doc: documentos da escola técnica superior de arquitectura da Coruña*, editado por Antonio Santiago Río Vázquez, 5-28. A Coruña: Universidade da Coruña, 2009.
- Coscarelli Comas, Sara. "Regionalisme Crític Mediterrani: sobre l'assimilació barcelonina de l'imaginari arquitectònic milanes." Universitat Pompeu Fabra, 2013.
- Dalda Escudero, Juan Luis, e Ánxel Viña Carregal. "La transformación urbanística de la ciudad histórica de Santiago de Compostela." En *Santiago de Compostela: la ciudad histórica como*

- presente*, editado por Carlos Martí Arís, 202-27. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1995.
- Fraga Rivas, Salvador, e Julio Malo de Molina. "Aldo Rossi: una alternativa progresista para la arquitectura." *Triunfo*, 6 de Novembro de 1976.
- Frampton, Kenneth. "Prospects for a Critical Regionalism." *Perspecta*, 20 (1983): 147-62. <https://doi.org/10.2307/1567071>.
- Frampton, Kenneth. "Hacia un regionalismo crítico: seis puntos para una arquitectura de resistencia". En *La posmodernidad*, editado por Hal Foster, 37-58. Barcelona: Kairós, 1985.
- Fullaondo, Juan Daniel. "La Escuela de Madrid." *Arquitectura*, 118 (1968): 11-23.
- Gallego Jorroto, Manuel. "Nacemento do SIAC." *Boletín da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 24 (1985): s. n.
- García Estévez, Carolina Beatriz. "Tan cerca, tan lejos: Aldo Rossi y el Grupo 2C. Arquitectura, ideología y disidencias en la Barcelona de los 70." *Proyecto, progreso, arquitectura*, 11 (2014): 104-17.
- González Carrera, Valentín. "Aldo Rossi en el monasterio de Armenteira." *La Voz de Galicia*, 10 de xuño de 1982.
- Gregotti, Vittorio. "El reencuentro con el sitio." *Obradoiro*, 8 (1983): 25-26.
- Grupo 2C. "Arquitectura y racionalismo: una exposición de los proyectos del grupo." *2C: construcción de la ciudad*, 8 (1977a): 21-51.
- Grupo 2C. "Las etapas de un trabajo colectivo." *2C: construcción de la ciudad*, n. 6 (1977b): 6-10.
- Grupo 2C. "Proyecto y ciudad histórica. El 1er S.I.A.C." *2C: construcción de la ciudad*, 8 (1977c): 52-66.
- Kleihues, Josef Paul. "Urbanismo es recuerdo. Reflexiones en torno a la reconstrucción crítica." En *Santiago de Compostela: la ciudad histórica como presente*, editado por Carlos Martí Arís, 146-49. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1995.
- Llano Cabado, Pedro de. "Arquitectura galega: mutación ou reencarnación." *Grial: revista galega de cultura*, 101 (1989): 12-20.
- Llano Neira, Pedro de, e Miguel Pazos Otón. "'Musealización', turismo cultural y desequilibrios espaciales en Galicia (1992-2004)." *Quintana: revista do Departamento de Historia da Arte*, 3 (2004): 161-75.
- Macías, Francisco. *De Quiqui bar... a Castromil*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, Edicións Positivas, 2017.
- Mariño, Luís. "Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia." Em *Gran Enciclopedia Gallega*, VI: 247-49. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974.
- Moneo, Rafael. "Gregotti & Rossi." *Arquitecturas Bis*, 4 (1974): 1-4.
- Moragas i Gallisà, Antoni de. "Els deu anys del Grup R d'arquitectura." *Serra d'Or*, 11-12 (1961): 66-71.
- Peña Pereda, Felipe. "Carlos Martí y 'la construcción de la ciudad' en Galicia." *La Voz de Galicia*, 1 de Xuño de 2020.
- Pino, Concha. "'Sería grave que el consumo de monumentos por parte de la Administración esclerotizara la ciudad', advierte Aldo Rossi." *La Voz de Galicia*, 5 de Novembro de 1985(a).

- Pino, Concha. "Un centro para postgraduados en la antigua fábrica de curtidos, primera propuesta presentada en el Seminario de Arquitectura Gallega." *La Voz de Galicia*, 6 de Noviembre de 1985(b).
- Pino, Concha. "Una reestructuración de la zona de Belvís, segunda de las propuestas rehabilitadoras presentadas en el SIAG." *La Voz de Galicia*, 7 de Noviembre de 1985(c).
- Pino, Concha. "Un túnel bajo la Avenida de Juan Carlos I y la Senra para "enterrar" el tráfico y unir la ciudad, nueva propuesta del SIAG." *La Voz de Galicia*, 8 de Noviembre de 1985(d).
- Pino, Concha. "Una alternativa peatonal al Camino de Santiago, desde Monte do Gozo a Porta do Camiño, la propuesta al SIAG más aplaudida." *La Voz de Galicia*, 9 de Noviembre de 1985(e).
- Pino, Concha. "El SIAG plantea una intervención en la huerta de San Francisco." *La Voz de Galicia*, 10 de Noviembre de 1985(f).
- Pino, Concha. "Cinco proyectos propuestos por arquitectos gallegos, un reto para la Administración, que definiría los bordes históricos de Santiago." *La Voz de Galicia*, 17 de Noviembre de 1985(g).
- Piñón, Helio. "Actitudes teóricas en la reciente arquitectura de Barcelona." *Arquitecturas Bis*, 13-14 (1976): 27-31.
- Portela, César. "De la arquitectura de la ciudad a la arquitectura del territorio." En *César Portela: arquitecto*, 51-53. Sevilla: Dirección General de Arquitectura y Vivienda, 2004.
- Portela, César. "César Portela, Arquitecto. El Museo del Mar." YouTube. 2014. [www.youtube.com/watch?v=qH7R5uZlBs0](http://www.youtube.com/watch?v=qH7R5uZlBs0).
- Portela, César, e Aldo Rossi. "Conversa con Aldo Rossi e César Portela sobre o futuro Museo do Mar de Galicia." *Obradoiro*, 22 (1993): 66-71.
- Portela, César, Aldo Rossi, e Salvador Tarragó i Cid. "Prólogo." En *Proyecto y ciudad histórica*, 9. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977.
- Redacción CAU. "Otras obras destruidas: Edificio Castromil". *Construcción, Arquitectura, Urbanismo*, 33 (1975): 50-51.
- Redacción La Voz de Galicia. "Escrito de cuarenta y ocho arquitectos sobre el edificio "Castromil"." *La Voz de Galicia*, 22 de Maio de 1974.
- Redacción La Voz de Galicia. "I Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela." *La Voz de Galicia*, 25 de Setembro de 1976.
- Río Vázquez, Antonio S. "'Todo Santiago era un SIAC'. Aldo Rossi en Galicia: presencia e influencia." *Varia. Revista de la Asociación de Historiadores de la Arquitectura y el Urbanismo*, 3 (2022): 134-143.
- Rossi, Aldo. "Arquitectura análoga." *2C: construcción de la ciudad*, 2 (1975): 8-11.
- Rossi, Aldo. "Proyecto y ciudad histórica." *El País*, 10 de Outubro de 1976.
- Rossi, Aldo. "Ciudad y proyecto." En *Proyecto y ciudad histórica*, 17-24. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977(a).
- Rossi, Aldo. "Introducción." En *Proyecto y ciudad histórica*, 15-16. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977(b).
- Rossi, Aldo. "Mi exposición con arquitectos españoles." *2C: construcción de la ciudad*, 8 (1977c): 23.
- Rossi, Aldo. *Aldo Rossi in America: 1976 to 1979*. Nova York: The MIT Press, 1979.

- Rossi, Aldo. "Un país singular: Galicia, mixtura y misterio." *A&V Monografías*, 41 (1993): 5.
- Rossi, Aldo. *Autobiografía científica*. 2ª ed. Barcelona: Gustavo Gili, 1998.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 05. "Architettura". 15 maggio 1970 - nov. 70*. Vol. 5. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999a.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 07. "Architettura". 28 maggio 71 - 23 giugno 71*. Vol. 7. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999b.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 09. "Architettura. Il Cimitero di Modena". 5 agosto 1971 - 10 ottobre 1971*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999c.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 10. "Architettura". 21 nov. 1971 - 13 feb. 1972*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999d.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 14. "Architettura. arch. analogica - città analoga". 5 novembre 1972 - 31 dicembre 72*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999e.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 15. "Architettura". 4 febbraio - 6 ottobre 1973*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999f.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 16. "Architettura". 25 nov. 1973 - 20 maggio 1974*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999g.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 19. "Architettura". 6 sett. 1975 - luglio 1976*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999h.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 20. "Discorso di Santiago. 19 luglio 76 - ottobre 76*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999i.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 21. "Architettura. USA / progetto Firenze". 20 ottobre 1976 - 15 maggio 1977*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999j.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 31. "Architettura". 24 dic. 86 - 14 luglio 88*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999k.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 36. "Architettura". 16 luglio 88 - 28 agosto*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999l.
- Rossi, Aldo. *I quaderni azzurri, 47. "Architettura". 18 dicembre 1991 - 5 dicembre 1992*. I quaderni azzurri (1968-1992), edición a cargo de Francesco Dal Co. Milán: Electa, 1999m.
- Sainz Gutiérrez, Victoriano. "Aldo Rossi en Sevilla: los primeros viajes (1975-1978)." *BAC Boletín Académico. Revista de investigación y arquitectura contemporánea*, 3 (2015): 1-16. <https://doi.org/10.17979/bac.2013.3.0.991> .
- Seara Morales, Iago. "Dibuxar Santiago: unha experiencia da Dirección Xeneral de Cultura e a Escola de Arquitectura de A Coruña". *Boletín da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 21 (1985): s. n.
- Seara Morales, Iago. "Arquitectura, segunda metade do XX." En *Galicia. Arte*, XV: 322-514. A Coruña: Hércules, 1993.
- Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela. "Comunicaciones leídas en la sesión de clausura." En *Proyecto y ciudad histórica*, 293-301. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977.

- Soler, Llorenç, dir. *Cerdà, una obra malograda*. Barcelona: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, 1976a.
- Soler, Llorenç, dir. *Gitanos sin romancero*. Producción propia, 1976b
- Soler, Llorenç, dir. *I Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela*. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1976c.
- Soler, Llorenç, dir. *Autopista: unha navallada á nosa terra*. Producción propia, 1977.
- Soler, Llorenç, dir. *Condenados a beber*. Producción propia, 1978a.
- Soler, Llorenç, dir. *O monte é noso*. Producción propia, 1978b.
- Soler, Llorenç. "Galicia e eu (unha historia de amor)." En *Llorenç Soler, dunha beira a outra*, 39-42. A Coruña: Centro Galego de Artes da Imaxe, 1994.
- Tarragó i Cid, Salvador. "Aldo Rossi o la construcción dialéctica de la arquitectura." *2C: construcción de la ciudad*, 2 (1975): 2-7.
- Tzonis, Alexander, e Liane Lefaivre. "El regionalismo crítico y la arquitectura española actual." *A&V Monografías*, 3 (1985): 3-19.
- Tzonis, Alexander, e Liane Lefaivre. "Moderne Spaanse architectuur. De kritisch-regionalistische benadering." *Bouw*, 5 (1986): 9-15.
- Tzonis, Alexander, e Liane Lefaivre. *La arquitectura en Europa desde 1968*. Barcelona: Destino, 1993.
- Tzonis, Alexander, e Liane Lefaivre. "El tiempo de la transición." *A&V Monografías*, 113 (2005): 46-55.
- Udra, Juan de. "La Feria de Santa Susana." *La Noche*, 23 de Novembro de 1946.
- Urrutia, Ángel. *Arquitectura española: siglo XX*. Madrid: Cátedra, 1997.
- Viña Carregal, Ánxel, e Juan Luis Dalda Escudero. "Santiago de Compostela: il piano regolatore e il piano di recupero del centro storico." *Casabella*, 618 (1994): 28-31.

## Notas

<sup>1</sup> Referímonos a un artigo publicado no número 96 da revista *Hogar y arquitectura*, un texto verdadeiramente iniciático en que Baldellou descobre os novos nomes da arquitectura galega. Vid. [Baldellou \(1971\)](#).

<sup>2</sup> Por Escola do Porto referímonos a un conxunto heteroxéneo de arquitectos que, con todo, dentro da súa diversidade, partillan unha xenealoxía de mestres que determinan un conxunto de metodoloxías e dinámicas comúns. Ademais, a contorna xeográfica, a do Norte de Portugal, salienta como foco fundamental de creación arquitectónica, sendo unha das experiencias con máis éxito na crítica internacional malia a súa posición periférica. Con relación á cita de Baldellou, o certo é que, en moitas ocasións, a referencia ao Porto adoita ser reducida ao maxisterio de Álvaro Siza.

<sup>3</sup> Grupo de Arquitectos y Técnicos Españoles para el Progreso de la Arquitectura Contemporánea e Grup d'Arquitectes i Tècnics Catalans per el Progrés de l'Arquitectura Contemporània, respectivamente.

<sup>4</sup> Así era sostido por Antoni de Moragas, que definía desta maneira os dez primeiros anos do *Grup R* na revista *Serra d'Or*: «*Si cap blasme pot ésser fet a l'actuació del Grup, és de dir-li que no ha sabut tenir un capdavanter. Li ha faltat unitat d'estil i d'intenció, i ha prevalgut l'individualisme dels seus components. Ací es destaca el neopopularisme dels uns, el neoracionalisme miesià d'uns altres, l'informalisme d'un tercer, o l'anglicisme, el neoartesanisme, el neofuncionalisme o l'eruditisme dels altres encara. A diferència del GATCPAC, al Grup R li ha faltat unitat: cadascú ha escollit el seu estil*» ([Moragas i Gallisà 1961, 73](#)).

<sup>5</sup> A diferenza do que acontecera, por exemplo, na Alemaña nazi, cunha forte presenza esquerdista en ámbitos como a Bauhaus que provocou a persecución, exilio e sospeita sobre moitos arquitectos alemáns da primeira



modernidade, a chegada do Movemento Moderno a Italia prodúcese nun momento en que o fascismo está xa consolidado. En efecto, o réxime de Mussolini, no que atinxe a arquitectura e urbanismo, establecerá diferentes dicotomías entre o enlace coa tradición clásica e o maquinismo da cidade moderna; lémbrese, por exemplo, a amizade entre Marinetti e Mussolini. Neste sentido, a primeira modernidade italiana integrará abstractamente a tradición clásico-mediterránea nas novas linguaxes. Así, os arquitectos que constitúen o *Gruppo 7*, con Terragni e a súa Casa del Fascio como principais referentes, terán unha xeneralizada visión da integración deste substrato na retórica vangardista e, por conseguinte, na propia retórica do réxime. Isto, dunha banda, amosa que a adscripción xeral da arquitectura moderna ao esquerdismo, que funciona na República española con moitos arquitectos do GATEPAC e o GATCPAC ou na República de Weimar, ten moitos matices. E, doutra banda, que non todo o socialismo fixo unha aposta pola arquitectura moderna, como reflicte o cambio de signo que experimenta a arquitectura soviética a comezos dos anos trinta, cando o realismo se converte nunha ferramenta para facer as máis accesíbeis ao público, refugando de linguaxes abstractas de menor comprensión.

<sup>6</sup> Neste senso, como síntese das achegas dos teóricos do rexionalismo crítico, [Coscarelli Comas \(2013\)](#) desenvolve na súa tese as conexións entre as experiencias catalá e milanesa como forma de a Escola de Barcelona se reconciliar coa modernidade nos cincuenta e sesenta. En efecto, os teóricos do rexionalismo crítico teñen abordado ambas realidades nos seus escritos: Tzonis e Lefaivre (1985; 1993) para a arquitectura italiana dos cincuenta e [Frampton \(1983; 1985\)](#) para o *Grup R*.

<sup>7</sup> Este texto, incluído en *Arquitectura* (nº 118, 1968), vén acompañado doutro asinado por Juan Daniel Fullaondo sobre a Escola de Madrid, unha realidade moito máis complicada de definir polo maior individualismo, a falta de inqedanzas culturais ou o desarraigo coa tradición local na capital do Estado. Aínda que si reconece que esta escola madrileña soubo afastarse do «pleonasmio herreriano» da primeira administración franquista cos exemplos que foron interpretados como voltas á modernidade —o Edificio de Sindicatos de Cabrero e Aburto, por exemplo—, a situación en Madrid era tanxencialmente diferente á de Barcelona, moito máis solidaria, colectiva e arraigada ([Fullaondo 1968](#)). Anos despois, [Baldellou \(1978\)](#) nega directamente a existencia dunha Escola de Madrid, valorando o traballo de Gutiérrez Soto, De la Sota e outros como un puzzle de individualismos.

<sup>8</sup> No ámbito catalán son varias as revistas que acadarán unha forte relevancia neste tempo. *2C: construcción de la ciudad* —Tarragó, Martí—, *Cuadernos de arquitectura y urbanismo* —Mateo Martínez, Bru i Bistuer—, logo renomeada *Quaderns d'arquitectura i urbanisme*, *Carrer de la Ciutat* ou *Arquitecturas Bis* —Regás, Bohigas, Correa, Domènech Girbau, Llorens, Moneo, Piñón, Manuel de Solà-Morales e Satué—.

<sup>9</sup> En efecto, o número 7 de *Arquitecturas Bis* abre cun texto de [Rafael Moneo \(1974\)](#) en que se establece esta dicotomía entre Rossi e Gregotti. Aínda que Rossi e Gregotti tiveron unha formación e comezos profesionais próximos —ambos os dous traballaron con Rogers en *Casabella*—, o obxectivo deste editorial era contrapor as dúas principais figuras da teoría italiana que se estaban a seguir na Escola de Barcelona, entendendo Gregotti como unha superación de Rossi ([Bohigas 1974](#)) ou, se cadra, como unha ampliación dos marcos teóricos rossianos. Para afondar neste debate barcelonés dos anos setenta, vid. [García Estévez \(2014\)](#).

<sup>10</sup> A alianza entre *Lotus*, *Oppositions* e *Arquitecturas Bis* puña de manifesto unha crítica á modernidade como paradigma superado, unha visión contraria a aquelas que promovían a creación dun novo racionalismo. Un exemplo desta posición son as críticas de Tomás Llorens e Helio Piñón a Carlos Sambricio e Ignasi de Solà-Molares polo enfoque da exposición «Arquitectura para después de una guerra», cuxo fío argumental era a continuidade da arquitectura moderna a través do clasicismo depurado da arquitectura da autarquía. A crítica de Llorens e Piñón, as réplicas de Solà e Sambricio e mais unha nova resposta dos dous primeiros pódense rastrexar en *Arquitecturas Bis* (nos 26 e 27), mentres que os textos relativos á exposición ou ás súas formulacións historiográficas poden ser atopados nas revistas *Arquitectura* (nº 199) e *Cuadernos de arquitectura y urbanismo* (nº 121).

<sup>11</sup> Concretamente, os números 2 e 5 (1975) e 14 (1979). Máis aló de Rossi, o Grupo 2C tamén recollería outros temas do ámbito italiano, como Grassi (nº 10, 1977), o Véneto (nº 12, 1978), Terragni (nos 20-21, 1982) ou o racionalismo dos trinta (nº 22, 1985). Outras temáticas son por exemplo as do eido urbanístico, cos estudos de Cerdà (nº 0, 1972; e nos 6-7, 1977), Torres Clavé (nos 15-16, 1980) ou o casco histórico de Mallorca (nº 13, 1979), arquitectos cataláns como Sostres (nos 3 e 4, 1975), tipoloxías de arquitectura popular como a casa sevillana (nº 11, 1978) e a *masia* catalá (nos 17/18, 1981) e contribucións doutros arquitectos de sona internacional como Stirling (nº 1, 1975), Kleihues (nº 9, 1977) e Asplund (nº 19, 1981). Destas contribucións é interesante sinalar a presenza de figuras como Stirling ou Kleihues, que estarán presentes no SIAC (1976).

<sup>12</sup> Os corenta e sete *quaderni* foron editados en formato facsímile a cargo de Francesco Dal Co en 1999. [Sainz Gutiérrez \(2015\)](#), un dos grandes especialistas estatais en Aldo Rossi, ten traballado sobre as alusións sevillanas contidas nos *quaderni*, se ben na historiografía galega non constan referencias a eles. Podemos atopar referencias

a Galiza nos cadernos 5, 7, 8, 10 e 20; a Santiago de Compostela nos 5, 7, 9, 14, 15, 16, 19, 20, 21, 22, 31, 24, 47; e á exposición «Aldo Rossi + 21 arquitectos españoles» no 36.

<sup>13</sup> Ademais doutros destinos, o itinerario galego-portugués que realiza neste intre abrangue Castropol, Lugo, Santiago, Pontevedra, Vigo, Braga, Miranda e Bragança (Rossi 1999a).

<sup>14</sup> As devanditas anotacións, asinadas 22 de xuño de 1971, comezan con reflexións do italiano sobre a columnata do Park Güell —un tema sobre o que volve falar no décimo *quaderno*—, as covas do Albaicín de Granada e, finalmente, o barroco compostelán. As notas deste día rematan cun recordatorio para si propio, que amosa o seu interese por coñecer máis en profundidade a arquitectura galega: «*Cercare il libro sull'arch[itettura] celtica della Galizia e questo barocco*» (Rossi 1999b).

<sup>15</sup> Ademais, como indica ao final destas anotacións, foille agasallado un exemplar de *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII* (1966) de Antonio Bonet Correa (Rossi 1999d), libro que de seguro influíu nas súas reflexións compostelás presentes nos *quaderni* ou na *Autobiografía científica*.

<sup>16</sup> O italiano referencia esta viaxe no caderno número 16 (Rossi 1999g).

<sup>17</sup> A reunión foi seguida na prensa galega, aparecendo novas en *La Voz de Galicia* (13 a 16 de decembro), *El Ideal Gallego* (14 e 15 de decembro), *El Correo Gallego* (13 de decembro) e *El Progreso* (16 de decembro), neste último cunha conversa con Rossi previa á súa intervención na Deputación Provincial.

<sup>18</sup> O *Boletín informativo* foi, durante o primeiro ano de vida do colexio, un documento remitido a todos os colexiados con informes das diferentes comisións ou do decano, copias de ofertas de traballo ou novas lexislacións incluídas nos documentos oficiais ou escolmas de prensa sobre temas de interese arquitectónico ou da actividade colexial.

<sup>19</sup> Informe sobre a Reunión dos Arquivos incluído no *Boletín informativo* (nº 1, xaneiro de 1974).

<sup>20</sup> A cuestión da estética é un dos argumentos máis recorrentes das persoas contrarias á conservación. Non era unha posición nova, podendo atopar unha referencia a este edificio nun artigo redactado por Juan de Udra no diario *La Noche* case tres décadas antes (23/11/1946): «*Puestos a embargar, o trasladar, ¿no opinan que existen otras cosas más apremiantes? Ahí está, por ejemplo, esa espantosa tarta que esa espantosa tarta que antes se llamó Bar Kiki, afrentando con su triste vecindad la línea de un bello edificio y cerrando una hermosa posibilidad de ensanche*» (Udra 1946). Como resposta a estas visións, en maio foi remitida a varios medios unha carta asinada por corenta e oito arquitectos, onde, entre outras cuestións, se sinala: «*El que se diga que el Modernismo ya está suficientemente representado en Santiago y que, por tanto, procede el derribo es como justificar la existencia de la Torre del Reloj de la catedral, como representativa del barroco compostelano, hace innecesaria la fachada del Obradoiro, y que su eventual desaparición carecería de importancia*» (Redacción *La Voz de Galicia* 1974). Para o percorrido polo debate sobre o Castromil ao longo de 1974 e 1975, vid. Almuña (1985), Macías (2017) e Redacción CAU (1975).

<sup>21</sup> A proposta destes cinco arquitectos asumía a contradición de incluír o aparcadoiro dentro do novo proxecto, aínda que iso xerara un efecto chamada de tráfico e plusvalías. As demais construcións da «illa» non serían conservadas, substituíndose por unha praza e unha cúpula xeodésica que albergaría unha biblioteca e un auditorio. O edificio modernista orixinal sería reconvertido en espazo expositivo. Sobre o proxecto, vid. Almuña Díaz (1975) e Almuña Díaz *et al.* (1985).

<sup>22</sup> Cómpre salientar que, na sección dedicada ás arquitecturas en perigo de desaparición, estaban incluídas dúas arquitecturas galegas que, afortunadamente, conseguiron salvarse da demolición. Dun lado, a Terraza de Sada (1912), edificio modernista de Antonio López Fernández situado inicialmente nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña, sería a protagonista dunha nova investigación e posterior exposición por parte do COAG (1976). Doutro lado, o edificio modernista orixinal das Escolas Labaca (1912), obra de Leoncio Bescansa, serían rehabilitadas e incluídas nunha ampliación da man de Joaquín Fernández Madrid nos anos oitenta.

<sup>23</sup> As tres propostas refírense, en efecto, a Cerdà, Torres Clavé e o plan do Grupo 2C.

<sup>24</sup> Dunha banda, o interese despertado en Rossi polo urbanismo barcelonés non se entendería sen 2C. Doutra banda, o propio grupo reconece a influencia que Rossi ten na súa valoración da obra de Cerdà e Torres Clavé: «*En este sentido también reconocemos como fundamental el papel que parte de la más reciente cultura arquitectónica italiana ha representado en nuestra formación, especialmente la profunda clarificación que sobre estos temas ha llevado a cabo Aldo Rossi en sus obras y escritos, sintetizando y llevando hacia adelante, en un “lugar reconocible”, la voluntad de refundación disciplinar de muchas y muy diversas aportaciones de la cultura contemporánea*» (Grupo 2C 1977b, 7).

<sup>25</sup> Cerdà e Torres Clavé están moi presentes na vida do Grupo 2C. A respecto de Torres Clavé, a súa figura testemuña a herdanza dos tempos do racionalismo e do GATCPAC. Clavé realizara o *Pla Macià* (1933), que contara coa

colaboración de Le Corbusier e Pierre Jeanneret. O «Plan Torres Clavé» que agora propuña o Grupo 2C xorde como homenaxe ao proxecto non realizado en tempos do *president* Macià e acompañouse dunha proposta parcial para o barrio de Poble Nou. Esta mostra estivo exposta nas salas do Colexio de Arquitectos de Cataluña a comezos de 1974.

<sup>26</sup> Xunto con eles, a exposición completábase con Carlos Martí, Antonio Barrionuevo, Francisco Torres, Jesús Medina, Jordi Bosch, Joan Tarrús, Joan Francesc Chico, Joan Maria Marco, Joan Carles Theilacker, Antonio Ferrer, Joaquim Vayreda, Miguel Garay, José Ignacio Linazasoro e Salvador Tarragó.

<sup>27</sup> Cómpre citar, desta maneira, as inclusións de Xosé Manuel Casabella, César Portela e Pascuala Campos e Yago Bonet, respectivamente, nos números 73 (1969), 78.1 (1970) e 91-92 (1972) dos *Cuadernos de arquitectura y urbanismo*. Ademais, en 1977, Campos, Portela e Bonet farían a súa aparición na prestixiosa *L'architecture d'aujourd'hui* (nº 170), precisamente nun monográfico sobre os ecos europeos da *tendenza* italiana que levaba por título «La *tendenza* ou l'architecture de la raison comme architecture de tendance».

<sup>28</sup> A Casa Bay (1973), proxecto de Rossi en Borgo Ticino (Piemonte), é reflectido no cartaz da exposición.

<sup>29</sup> En efecto, no informe do decano incluído no *Boletín informativo* de abril de 1974 instábase a empregar a experiencia dun curso sobre urbanismo celebrado en Vigo ese ano como «*ensayo para el previsto Curso internacional de Arquitectura a celebrar en Santiago*».

<sup>30</sup> Na rolda de prensa previa celebrada o 24 de setembro, Portela recollía o testemuño da campaña a prol do Castromil como base para establecer as problemáticas a se trataren no SIAC: «Nós fumos incapaces de deter a demolición do Castromil pero fumos capaces de plantexar na cidade de Santiago por primeira vez a importancia que tiña dentro do deseño urbán a conservación do Castromil e penso que neste senso non temos complexo de inferioridade» (*Redacción La Voz de Galicia* 1976). Xunto con Portela, interviñeron nesta rolda de prensa Yago Bonet e Vittorio Savi.

<sup>31</sup> Entre as anécdotas, Soler salienta o gusto cinéfilo de Rossi, que recoñecía a súa «total adhesión a Luchino Visconti». Con todo, non só se falou de cinema, senón tamén de arquitectura. É nese intre cando, ao falaren Soler e Turbau sobre o interese de realizar un traballo sobre as condicións de vida da comunidade xitana, Portela comentoulles a existencia das xa citadas vivendas de Campañó (Poio). Estas vivendas serían inmortalizadas por Turbau, mentres que Soler finalmente filmaría *Gitanos sin romancero* (1976), o seu primeiro traballo en Galiza que, xunto co xa citado documental sobre Cerdà e *El largo viaje a la ira*, sería proxectado dentro do programa do SIAC.

<sup>32</sup> Neste senso, cómpre lembrar *Autopista: unha navallada na terra* (1977), un documental sobre as mobilizacións veciñais en conta da construción da AP-9 producido por Anna Turbau, con asesoramento de Tarragó e locución de Luís Mariño. *O monte é noso* (1978), con guión de Mariño, conta as loitas comunais contra a expropiación de montes nos anos finais da ditadura. Por último, fóra do mundo estritamente arquitectónico, *Condenados a beber* (1978) é unha denuncia sobre o alcoholismo nas clases populares que foi encargado por un sacerdote progresista de Santiago.

<sup>33</sup> Esta alternancia na secuencia, segundo o autor, permitiría que o documental puidese ser máis accesíbel ao público, ademais de ser unha forma de reflectir a subxectividade do autor: «das conferencias maxistras de Rossi ó encanto recolecto da Rúa do Vilar; das severas propostas de Stirling ó Mercado e o seu rebumbio; das férreas exposicións de Kleihues á serenidade da Quintana de Mortos; das reivindicacións de Aymonino á rotundidade pétreas de San Martiño Pinario. E así foi o documental» (Soler 1994, 40).

<sup>34</sup> Esta escena desenvólvese no sobranceiro «El Asesino», un restaurante que tivo moita sona na cidade e que se convertera nun lugar recorrente para as reunións dos arquitectos neste tempo. Soler ou Rossi, en efecto, foron asiduos clientes deste local, establecendo unha longa relación coas súas propietarias. Esta predilección por «El Asesino» retrotraíase á Reunión dos Arquivos Históricos de 1973, xa que, como comenta Almuña (1985), era aquí onde se celebraban as reunións extraoficiais con Rossi, Linazasoro, Tarragó ou Unzurrunzaga, para quen sería un lugar de confianza en vindeiras visitas á cidade.

<sup>35</sup> Ademais, no caderno 19, hai unhas anotacións sobre o SIAC que, porén, Rossi non desenvolveu, amosándose estas páxinas con moitas palabras riscadas e borranchos ou mesmo un desacougante «introduzione = sei pessimo» (Rossi 1999h).

<sup>36</sup> En efecto, tanto a igrexa e os espazos anexos desta como algunhas dependencias da á leste do mosteiro de San Martiño Pinario serían rehabilitados a comezos dos noventa baixo a dirección de Iago Seara. Mentres que a torre sueste pasou a acoller o Arquivo Arquidiocesano de Santiago, o resto da intervención foi marco da senlleira exposición «Galicia no Tempo» (1992).

<sup>37</sup> Os conceptos de «analogía» e de «cidade análoga» apelan ao compoñente da memoria colectiva da sociedade polas formas históricas da cidade, tomando destas elementos válidos para a composición contemporánea. Sobre estes conceptos, pódese ler un texto de Rossi (1975) na revista *2C: construcción de la ciudad*.

<sup>38</sup> Por outra banda, estas nocións baralladas por Rossi enmárcanse na necesidade que vía en superar a «ilusión» da arquitectura moderna que colapsara tras a Segunda Guerra Mundial, así como o carácter exclusivamente técnico que se lle tiña conferido: «*La lectura de Antonio Gramsci, el hecho cultural más importante para la arquitectura de postguerra enseñaba que sólo la conciencia del uso de la técnica y no la técnica en sí misma, calificaban al intelectual. Sobre esto se han desarrollado los debates, a menudo las desviaciones, pero también la construcción de una nueva visión de la arquitectura. Hoy sabemos que no existe una arquitectura moderna en cuanto tal, sino sólo programas con los que enfrentarse y problemas que resolver*» (Rossi 1976).

<sup>39</sup> A nómina estaría composta, entre outros, por Antonio Bonet Correa, Fernández Longoria, Daniele Vitale, Salvador Tarragó, B. Reichlin, J. Ruesga, F. Villanueva, M. Gandelonas, V. Savi, X. Unzurrunzaga, C. Aymonino, Luis Peña Gantxegi, Aldo Rossi, E. Consolascio, M. Bosshard, Concha Félez, James Stirling ou O. M. Ungers. Dada a importancia que terán os contactos con Portugal nas seguintes décadas, débese engadir que, xunto con Siza, participaron, cunha comunicación sobre Lisboa, José Charters, Artur Pires Martins, José da Nóbrega e José Lopo Prata, ademais da presenza de arquitectos máis novos como Adalberto Dias ou Eduardo Souto de Moura, referenciados nos diferentes grupos de traballo. Por último, o SIAC tivo como ausencia máis sinalada unha personaxe que nestes anos está a establecer un fondo contacto con Rossi e que dúas décadas despois se convertería nunha figura polémica en Galiza polo seu proxecto de Cidade da Cultura: Peter Eisenman.

<sup>40</sup> A recensión sobre o SIAC aparecida na revista *Arquitectura* é unha valoración moi crítica a este respecto: «*El espíritu “mesianico” presente en el seminario nos llevaría a creer en el espejismo de que son las personas concretas las que hacen la historia y los arquitectos la ciudad, es decir, a creer en la autonomía del técnico y de la arquitectura. El seminario es un caso concreto de esto último: transformar la ciudad mediante un método intelectual en lo que a un grupo de arquitectos les gustaría que fuera*» (Bustos e Palacios Gonzalo 1976, 61).

<sup>41</sup> Para Bustos e Palacios Gonzalo (1976, 62), o seminario amosaba unha importante eiva das Escolas de Arquitectura da época, que reflectían unha crecente tendencia a teorizaren excesivamente, desconectando a «arquitectura de seminario» da «arquitectura vivida». Así, conclúen: «*Suponer que una ciudad llega a ser lo que es debido a la presencia, pongamos por caso, de tres hombres, implica un absoluto olvido de que existe una verdadera historia hecha de movimientos sociales, que en un momento dado adquieren el papel de protagonistas de la ciudad y que, consecuentemente, reflejan sus intereses en el urbanismo y edificación de “su” ciudad*» (Bustos e Palacios Gonzalo 1976, 63–64).

<sup>42</sup> As diferentes valoracións dos grupos de traballo ou de participantes a título individual son recollidas tanto no especial de *2C: construcción de la ciudad* (nº 8) como as propias actas do seminario, publicadas un ano despois.

<sup>43</sup> Ademais da crítica ao funcionamento orgánico, a saturación de traballo do seminario ou o nulo contacto coa sociedade, Almuña sinala outras ausencias como o coñecemento claro da arquitectura popular e urbana galegas, excluídas fronte ás experiencias doutros países, o que para el significaba «*dependencia de Galicia respecto a otros centros de poder y decisión*», reproducida no «*plano arquitectónico en forma de polarización en torno a las formas culturales y los modelos ajenos y marginación y descuido de los propios*» (Grupo 2C 1977c, 65).

<sup>44</sup> Como lembra Almuña en *Obradoiro*: «O reto estaba, pois, xa lanzado desde a propia denominación de “primeiro”: compría organizar un “segundo”. Que este segundo tivese a mesma orientación ou tendencia que o primeiro non foi opinión con forza dabondo dentro do COAG, pero tampouco surxiu aquí unha alternativa para facer outro Seminario distinto. E foi un grupo de arquitectos de Sevilla quen recolleu o desafío de montar o segundo SIAC respondendo á demanda de vinculalo ideoloxicamente co primeiro» (Almuña Díaz 1978, 55).

<sup>45</sup> De feito, a *Autobiografía científica* sería publicada orixinalmente en inglés polo MIT (1981). Esta relación con Estados Unidos débese en boa medida a Peter Eisenman, un dos responsábeis da recepción estadounidense da obra de Rossi, concretada no catálogo *Aldo Rossi in America: 1976 to 1979* (The Institute of the Architecture and Urban Studies, 1979).

<sup>46</sup> Unha crítica favorábel neste senso é a de José María Ballester (1976) en *Blanco y negro*, onde valora o SIAC como unha aposta por unha arquitectura máis humanizada, que deixe atrás a visión individualista do arquitecto e que aborde a cuestión dos cascos históricos sen intereses nostálgicos, con sensibilidade pola herdanza histórica e as persistencias ambientais.

<sup>47</sup> Celebradas en Poio (1977), Cambados (1979) e Santiago de Compostela (1981). Mentres que as comunicacións das primeiras xornadas foron publicadas no número 1 da revista *Obradoiro* (1978), os contidos das segundas e terceiras atópanse en senllas publicacións do COAG: *Galicia. A destrución e a integración do patrimonio*

arquitectónico. *III Xornadas de arquitectura galega* (1981) e *Galicia. Patrimonio arquitectónico, cidade e territorio. II e III xornadas de arquitectura galega* (1984).

<sup>48</sup> Tanto na edición orixinal en inglés (The MIT Press, 1981) como na italiana (Il Saggiatore, 2009) se emprega a denominación «Las Pelayas». Após a primeira e segunda edicións en castelán (Gustavo Gili, 1984 e 1998), só na terceira edición (Gustavo Gili, 2019), aínda que toma como base a italiana de 2009, substitúese a denominación orixinal pola de «San Paio».

<sup>49</sup> Ademais, cómpre referenciar unha pequena alusión a Santa Clara no *quaderno* 14 (1973), un caderno que dedica ao desenvolvemento do seu concepto de cidade análoga e arquitectura analóxica. Após unha explicación do seu método analóxico —a diferenza doutros *quaderni*, onde as ideas son máis sintéticas ou desordenadas, este semella ter partido dun razoamento máis profundo—, indica telo aplicado a unha das súas obras recentes, o Cemiterio de Módena, ou mesmo a obras doutras épocas: «*Ho applicato questa analisi anche mediante la descrizione dell'architettura gotica e di un'opera così complessa come il Duomo di Milano. O ad un'opera straordinaria come Santa Clara a Santiago de Compostela*» (Rossi 1999e).

<sup>50</sup> Un antigo membro do Grupo 2C, Yago Bonet Correa, prestará atención ás tipoloxías de vivenda contemporánea desenvolvidas por Portela. A raíz da súa tese de doutoramento, *La arquitectura del humo*, en que Bonet repasa a construción dos espazos interiores no mundo cultural atlántico arredor do elemento do fume, este arquitecto ve en Portela un dos mellores exemplos da supervivencia destas lóxicas organizativas dos interiores da arquitectura. Sobre esta cuestión, vid. Y. Bonet Correa (1992; 1994). Como anécdota, Aldo Rossi referíase á tese de Bonet Correa durante o SIAC: «*La arquitectura del humo, que con intuición profunda y poética ha definido mi amigo Yago Bonet, la arquitectura de la casa de Galicia, los monumentos de piedra, los pueblos de la costa, los mercados de pescado y, también estos enormes conventos, seminarios e iglesias con el peso de una cultura que sólo permanece, tal vez como un enigma*» (Rossi 1976; 1977b, 16).

<sup>51</sup> Sobre estas intervencións, vid. Campos Michelena (1985).

<sup>52</sup> Resulta certamente interesante a visión sobre estas obras achegada polo rexionalismo crítico como corrente que tentaba reconciliar a arquitectura moderna coas inflexións locais de cada rexión, refugando das retóricas posmodernas. Tzonis e Lefavre, quen acuñaron o termo, aínda que desconfían da deriva de Rossi a finais dos setenta, entenden que a súa recepción en diferentes puntos do Estado favoreceu a creación dunha arquitectura sensíbel ao contexto e adaptada ás identidades periféricas en Cataluña, Euskadi, Andalucía, Galiza ou mesmo en Madrid como evasión do seu urbanismo recente (Tzonis e Lefavre 1985; 1986; 2005). Sobre as vivendas de Campañó, estes autores enténdenas como unha abstracción do carramoto de vagóns propio do pobo xitano e a forma do hórreo tradicional das Rías Baixas (Tzonis e Lefavre 2005, 52). Lonxe do formalismo baleiro que se denuncia desde o rexionalismo crítico, esta obra axéitase aos modos de adaptación de formas vernáculas que Tzonis e Lefavre definían empregando a «desfamiliarización» do formalista ruso Viktor Shklovsky, isto é, a transcripción non literal e «estraña» das formas orixinais. En termos semellantes analizaron outra o lavadoiro de Combarro (Poio) de Campos, unha adaptación do hórreo como estrutura templaria (Tzonis e Lefavre 1985, 14–15) que, ademais, simboliza para eles un distanciamento con respecto a Rossi: se o italiano proxecta de «arriba abaixo», o proceso en Campos é de «abaixo arriba» ao traballar coas futuras usuarias (Tzonis e Lefavre 2005, 52). Por último, en relación ás casas de Portela, Tzonis e Lefavre refírense ás investigacións levadas a cabo tanto polo pontevedrés como por Manuel Gallego no tocante á reinterpretación das tipoloxías tradicionais, sendo incluídas dúas fotografías da Casa Pías e da Casa Gallego.

<sup>53</sup> Tampouco asistiron finalmente Kenneth Frampton, xa daquela un dos principais críticos e historiadores da arquitectura do mundo, e Gae Aulenti, arquitecta italiana formada no ámbito milanés que, após uns inicios vinculada a Rogers e Casabella, nos setenta pertenceu ao comité de redacción de *Lotus International*.

<sup>54</sup> En efecto, estas condicións máis favorábeis debíanse á experiencia previa do programa «Debuxar Santiago», un proxecto coordinado por Carlos Mejjide e desenvolvido de xeito voluntario polo alumnado da ETSAC durante o verán de 1984. Este proxecto baseábase nun traballo de campo e levantamento de material gráfico que, ademais de ser exposto no Museo do Pobo Galego, nutriu o SIAG e serviu para confeccionar o expediente para a declaración da cidade vella de Santiago como Patrimonio da Humanidade en 1985. Sobre este proxecto, vid. Seara Morales (1985).

<sup>55</sup> Máis aló destes nomes, tamén participaron como comunicantes Iago Seara, Carlos Montero, Rodríguez Noriega, Emilio Tuñón, Fernando López Alsina, Nuno Portas, Bernard Català e Andrés Cid Fernández.

<sup>56</sup> Os coordinadores foron, respectivamente: Carlos Mejjide, Pascuala Campos e Alfredo Freixedo; Alfredo Alcalá e Myriam Goluboff; Rafael Baltar, Javier Suances e Xosé Manuel Casabella; César Portela e Xosé Bar Bóo; e Andrés Fernández-Albalat e Andrés Reboredo. Os proxectos son referenciados no seguimento diario da prensa por Concha Pino (1985b; 1985c; 1985d; 1985e; 1985f; 1985g).

<sup>57</sup> Esta renovación de Santiago de Compostela é referenciada en *Sociedade e Território* (nos 15-15, 1991), *Werk, Bauen + Wohnen* (nº 9, 1992), *Bauwelt* (nº 31, 1993), *Revista científica ICOMOS* (nº 2, 1993), *A&V Monografías* (nº 41, 1993), *Ruptura* (nº 2, 1994), *Casabella* (nº 618, 1994) ou *Arquitectura* (nº 299, 1994).

<sup>58</sup> Entre as múltiples publicacións destes autores sobre a revisión do PXOM e o Plan Especial, salientamos [Dalda Escudero e Viña Carregal \(1995\)](#) e [Viña Carregal e Dalda Escudero \(1994\)](#).

<sup>59</sup> Esta crítica é estendida a Leon Krier e Rob Krier, tamén presentes en Berlín, vinculándoos a unha sorte de redución eidética da cidade, unha nostalxia historicista e un clasicismo artificial en boa medida debedora de Rossi ([Kleihues 1995, 147](#)).

<sup>60</sup> Este compoñente crítico estaría emparentado coa teoría crítica, a dialéctica da Ilustración defendida por Adorno e Horkheimer ou a noción *habermasiana* da modernidade como proxecto incompleto. Sen romper a harmonía da cidade e sen entender a experimentación como unha liberdade creativa incondicional, Kleihues sitúase no vértice da crise que sufrira o Movemento Moderno décadas atrás: «*La reconstrucción crítica no intenta meramente huir de la consciencia de la crisis para refugiarse resignadamente en el mundo intacto, sino, en oposición constructiva a la unidad clásica, reforzar la vigorosa peculiaridad de las partes como partes de un todo vivo*» ([Kleihues 1995, 148](#)).

<sup>61</sup> A ausencia de Rossi por enfermidade obrigou inicialmente a adiar a súa intervención de mércores a sábado, aínda que finalmente as súas condicións de saúde non permitiron a súa participación. Tamén fora adiada a comunicación de Bohigas, que compartira espazo no cartel de conferencias da ETSAC en 1980 con Frampton. No caso do inglés, tamén presente no programa do CIAI, este avisou unha hora antes de ser recollido no aeroporto de Lavacolla da súa ausencia, algo que xerou moito desconcerto na organización.

<sup>62</sup> A presenza máis próxima do núcleo catalano-italiano configurado nos anos setenta arredor de Rossi é a de Carlos Martí como editor do catálogo *Santiago de Compostela: la ciudad histórica como presente* (1995), que repasa a historia urbana compostelá até o propio Plan Especial, así como os proxectos arquitectónicos desta época. Posteriormente, sería o coordinador da monografía *Cemiterio de Fisterra* (2010), con diferentes reflexións sobre esta obra de César Portela. En efecto, Carlos Martí deixou moitas amizades en Galiza, como se constata no obituario escrito por [Peña Pereda \(2020\)](#) para *La Voz de Galicia* após a súa morte por covid.

<sup>63</sup> Con todo, aínda que as políticas de proxectos serán articuladas en moitas ocasións para sufocar as tensións locais entre as tres principais cidades galegas —Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña—, o certo é que isto xerará un novo e máis profundo desequilibrio na xeografía galega. Como teñen estudado [De Llano Neira e Pazos Otón \(2004\)](#), os anos noventa privilexarán o Eixo Atlántico fronte ás provincias orientais galegas no tocante a novas dotacións culturais e proxectos arquitectónicos.

<sup>64</sup> Como define César Portela, a arquitectura do territorio é unha «*arquitectura libre de complejos exclusivamente edificatorios, que soslaya los parámetros y supera los límites de la Arquitectura de la Ciudad, que se adscribe a conceptos más amplios y más libres que los habituales [...]. Una arquitectura [...] que puede llegar a ser el humanizar un territorio natural, construyéndolo y no destruyéndolo, sublimándolo mediante artificios que el hombre demanda para dar respuesta a sus necesidades y deseos, y que son capaces de insertarse y de convivir con la Geografía y con la Historia del lugar, con la flora y con la fauna preexistentes, y acabar integrándose con ellos, para bien de todos*» ([Portela, 2004: 51](#)).

<sup>65</sup> Como os arquitectos expresaran, a falta de concreción dos contidos museísticos obrigounos a improvisaren algunhas solucións. Sobre as dificultades que experimentou o proxecto, vid. [Carrera López \(2008\)](#).

<sup>66</sup> Como principal novidade, o volume con claustro orixinal sería substituído por unhas novas naves que, a imitación das orixinais pero cunha orientación diferente, amplían o complexo cara ao mar. Estas naves reflicten o principio de analoxía rossiano, tan explorado por Portela ao longo da súa obra.

<sup>67</sup> Estas xornadas contaron coa presenza de Fernando Agrasar —director da ETSAC—, Antonio Maroño —decano do COAG—, César Portela, Miguel Abelleira, José Ramón Alonso, Juan Caridad, Victoriano Sainz, Daniela Sá, Marco Sanmiccheli, Salvador Tarragó e Andrés Fernández-Albalat.